

**ACTA Nº 3/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE ABRIL DE 2018 DO
CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2018/3.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ

ÍNDICE:

1.- Expediente 1839/2018. Aprobación, se procede, da Acta Nº 2/2018 da sesión celebrada o día 23 02 2018.....	Páx.3
2.- Expediente 1837/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 04042018.....	Páx. 3
3.- Expediente 1810/2018. Expediente de modificación de créditos. Suplemento de crédito Nº 3-P/2018.....	Páx. 15
4.- Expediente 1732/2018. Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle ao Ministerio de Fomento a Reparación e Mellora do Estado das Estradas N-640 e N-540 que unen Lalín e Lugo.....	Páx. 17
5.- Expediente 1733/2018. Moción do Grupo de Goberno en apoio ás reivindicacións dos traballadores e traballadoras da Xustiza de Galicia e acordos complementarios.....	Páx. 23
6.- Expediente 1413/2018. Solicitud de do PP de comparecencia no vindeiro Pleno do Alcalde, para que ofrezca explicacións e responda ás preguntas sobre a planificación, tramitación, actual estado e posibles reparacións da depuradora de Zobra.....	Páx. 25
7.- Expediente 1600/2018. Moción do PP para solicitar ao Goberno Municipal que aporte solucións inmediatas aos alumnos de Trompa e Trompeta para evitar a perda de curso e para que se habiliten as medidas necesarias para que o vindeiro curso se manteña a oferta educativa do Conservatorio.....	Páx. 28
8.- Expediente 1731/2018. Moción do PP para instar ao Goberno de Lalín a que elabore un programa de dinamización da actividade na Praza de Abastos e facilite o asentamento de novos establecementos neste espazo municipal.....	Páx. 37
9.- Expediente 1944/2018. Moción por urxencia do Grupo de Goberno solicitando o rexeitamento á posibilidade de que a compañía mineira que pretende a reapertura de mina de Touro empregue as instalacións ferroviarias da estación de Botos como terminal de carga.....	Páx. 43
10.- Expediente 2045/2018. Moción por urxencia do Concelleiro non adscrito relativa á construción dun multiusos para a Banda de Muimenta.....	Páx. 47
11.- Expediente 2044/2018. Moción por urxencia do PP para instar ao goberno a deixar sen efecto a Comisión de Investigación aprobada o 24 de decembro de 2016 toda vez que xa se superaron todos os prazos marcados na mesma.....	Páx. 50
12.- Expediente 1842/2018. Rogos e preguntas. Pleno 04 04 2018.....	Páx. 53

Sendo as **nove horas** do mércores, **día 4 de abril de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. *Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora accidental, *D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez*

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE 1839/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 2/2018 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE FEBRERIO DE 2018.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 2/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2018.

De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a acta Nº 2/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2018, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- EXPEDIENTE 1837/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 04042018.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE 1810/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3-P/2018. .-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 27/03/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de marzo de 2018.**

Polo grupo de goberno **D^a Teresa Varela Fisteus** explicou que con este expediente quería financiar a XXXª Feira do Cabalo de Lalín 2018. No orzamento

prorrogado figuraban 10.000 €. Agora quería complementar con 6000 € e chegar á mesma financiación que o ano pasado.

Constaba no expediente unha Memoria da asociación Cabaleiros de Deza de actividades e unha memoria modificada co presuposto e o custe modificado. Tamén estaba o Informe favorable de Intervención. Financiábase con baixas de créditos.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** amosou que trataba dun suplemento de crédito para incrementar a achega á Feira de Cabalo coa cal estaban de acordo. Pediu que se meteran todos estes expediente dunha vez e traelos todos os suplementos ao Pleno nunha única vez. Votarían a favor.

De novo **Dª Teresa Varela Fisteus** manifestou que ela tenteo facelo así pola carga traballo e contactou coa asociación Pódese ver o rexistro de entradas. Aos dous meses do contacto entregouse e veu por urxencia á comisión.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 3-P/2018, a financiar con cargo á baixa de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades, propónse complementar o crédito da correspondente aplicación orzamentaria para a concesión de subvención nominativa á Asociación de Cabaleiros do Deza destinada á realización da XXXª Feira do Cabalo de Lalín 2018.

O obxectivo deste expediente é complementar a subvención nominativa citada para adaptala a necesidades xurdidas no presente exercicio, segundo consta na documentación que se achega a este expediente. Tendo en conta o exposto, é necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2017 prorrogado para o 2018, achegándose a este expediente a memoria de actividades e o orzamento de gastos para a celebración da XXXª Feira do Cabalo de Lalín.

Tendo en conta que no orzamento do exercicio 2017 prorrogado para o 2018 se prevé unha subvención nominativa para a celebración da Feira do Cabalo por importe de 10.000 €, sería necesario complementar o crédito previsto para a concesión de subvención á Asociación Cabaleiros do Deza por importe de 16.000 €. Esta modificación supón, ademais, modificar as Bases de Execución do Orzamento 2017 prorrogado para o 2018, no que se contemplan as subvencións nominativas.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Aprobado a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado con baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
431.1.489.28	Feiras. Subvención Feira do Cabalo	6.000,00 €
	TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO	6.000,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
132.120.03	Seguridade e orde pública. Salario básico funcionarios Grupo C1	6.000,00 €
	TOTAL BAIXAS	6.000,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE 1732/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE AO MINISTERIO DE FOMENTO A REPARACIÓN E MELLORA DO ESTADO DAS ESTRADAS N-640 E N-540 QUE UNEN LALÍN E LUGO.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 22 de marzo de 2018, co número de entrada 2229. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de marzo de 2018.

Desde o grupo de goberno, **D. Nicolás González Casares**. A Estrada Lalín-Lugo era unha das mais importantes, conexións coa meseta e cantábrico, Leon, Burgos e ou camiño a Francia. Utilizámola para ir a Lugo, e polo eixo cantábrico a

Asturias, Cantabria e País Vasco, unha vía importantísima para Lalín mesmo por necesidades trasladadas de mercadorías desde Lalín. Tras moitos anos e moita espera, esta estrada a Lugo era a máis retrasada do Estado, estando nun estado moi negativo. Desde Guntín o tramo permite mellorar a conexión con Madrid directamente. A estrada N-640 pasa Lalín, de Vilagarcía Vegadeo. A N-540 Ourense-Lugo comparte treito coa N-540. Está en estado lamentable que hai que dignificar e mellorable en moitos treitos. A rotonda, na entrada a Lalín está desfeita. Está mal e hai que arranxala, como a Rolda Leste. Fomento non quixo saber nada. A estrada a Lugo, á altura do lago está Pontañas desfeita. O tramo interurbano de Muimenta está en mal estado, hacia Agolada baixo Arnego, e hacia Monterroso ten graves problemas. Cando se unen N-540 e a N-640 no alto Hospital, da medo, está intransitable, en abandono absoluto do mantemento e representa un grave risco para os vehículos e camións, indo a velocidades medias, con fochancas. A estrada nacional non é de terceira categoría. Hai que ser claro, serio rigoroso, e regrado; e non se está facendo. Podemos falar de moitas infraestruturas. Se non facemos autovías e non se manteñen a estradas nacionais feitas, cunha deixadez absoluta do goberno do Estado. É manifesto que non inviste en Galicia unha mínima. Esta comarca non recibe absolutamente nada. Queremos que a reparación e a conservación se fagan, porque o firme está lamentable con risco seguridade viaria. Non hai motivo para non apoiar a moción. Todos estamos de acordo. A situación da estrada moi mellorable.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. En primeiro lugar queren saber quen firma a moción porque mete tres estradas nacionais. Fala das N-550, N-540 e da N-525, na exposición de motivos. Non sei...

D. Nicolás González Casares. E a N-547. Sabe cal é?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Repite.

D. Nicolás González Casares. A N-547 e outras xúntanse en Guntín. Nas Comisións informativas parecía que se chamaba a atención.

D. José Antonio Varela Quintela. Ninguén sabía dicir nada.

D. Nicolás González Casares. Coinciden tres estradas nacionais xuntas a Lugo. Logo de pasar a ponte, no tramo de Guntín está lamentable con curva que non arranxan. Hoxe pódese evitar.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Esta moción é a mellor mostra de que non ten claro o goberno nin as prioridades dos partidos no goberno cuatripartido, nin as súas competencias, nin as do Concello. Non teñen proxecto Lalín e demóstrano día a día coa moción. É un brindis ao sol e á galería. Queren a foto. Poderíamos entender que pediran o tramo que afecta aos lalinenses ou da comarca do Deza. Hoxe traen vías doutra provincia. Intentan poñerlle deberes a Fomento. A N-540 non toca a comarca. Estrañaríamos que nos pidan a mellora da N-634 de Ribadeo a Torrelavega, saída natural cara a Francia e Bélxica, ou a N-536 O Barco-Ponferrada, saída natural aos Pirineos. Non teñen bastante coas estradas do concello que contan con centos de fochancas, con obras pactadas cun ano de retraso que xa acabar o prazo de pedir, para pedir o arranxo de vías doutras provincias?. Hai que traballar primeiro as pistas do noso rural e logo poñer deberes aos outros.

D. Juan José Cruz García. Estivo simpático Antonio Rodríguez co o de acceso a Bélxica. De acordo con Nicolás aínda que parece fora de Lalín. Casualmente tivo que ir a Lugo esta semana a vía está deplorable. Teñen o seu apoio, aínda que coida que non poidan facer moito. Ten carácter urxente o arranxo da vía.

D. Nicolás González Casares. Grazas polo apoio. Chama a atención tendo aquí un representante da Comisión de Fomento e infraestruturas, que exerce de voceiro neste Pleno, que non queira intervir neste asunto significativo. Na Comisión de Fomento teríase que tratar. Como non se trata de vías que non afectan, sino das que interesan, podemos falar de vías doutras comarcas e provincias. Seguro que moitos dos que aquí estamos empregamos esa vía con frecuencia. Emprégase para ir aos Pirineos non por O Barco. Non está recomendada non para ir por Vegadeo, si autovía, por sorte. Esta vía si que as temos que utilizar. Preocuparíalle tamén a AP-53, na metade vai por A Coruña?. Os teus argumentos caen polo seu propio peso. Fala de provincias distintas cando interesa. Acaso a AP-53 non afecta á provincia de A Coruña? Si ou non? Un pouco de seriedade. Importan os tramos das estradas que necesitan os lalinenses. Claro, esta estrada é moi utilizada, máis alá de entelequias e debuxo autovías en papel 10-12 anos e non se fai nada. Sirve simplemente para facer a foto, inaugurar pontes como a autoestrada de Rande, que logo non está aberta. Entendo. Tocouche a ti defender isto, que é indefendible. Pedimos a conservación, non que se desdoble, nin poñan grandes cousas, senón a conservación e a reparación dun tramo. Entendo que nestas estradas os Concellos traballemos nelas. A responsabilidade é do Pleno, de mirar polas que utilizan os nosos cidadáns. Falades de que traemos mocións de estradas que afectan a outras provincias, pero vos mesmos traedes mocións de estradas que non son desta provincia. Estadades desorientados e paradigmáticos nestes asuntos.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Que vostede fale de incumprimentos é algo kafkiano. Levan ano e medio firmadas as pistas comprometidas por vostede, e sen facer, despois de ano e medio. Sobre a N-540 recomendaríalle a vostede que a presentaran no Parlamento. Non nos afecta a nós. Deberíamos pedir o arranxo no tramo que nos afecta de Lalín e da comarca do Deza. Tanto o BNG, PSOE e Podemos teñen outro foro como o Parlamento debater a N-540. Nos propoñemos unha emen da transaccional:

1.- Axuste da moción á Mellora do tramo da N-540 que discorre comarca Deza.
2.- Incorporar unha solicitude á Deputación Pontevedra para que acometa a conservación e o mantemento dos seguintes viales, que se atopan deteriorados e con risco nos coches. Enumera algunhas:

- EP- 6005, coñecida como A Prado-Bodaño. Desde Airiños precisa un arranxo integral.
- EP- 6016 Maceira-Alvarellos. Discorre por Dozón.
- EP- 6306. Brántega- Cruces.
- EP- 6302. Berredo. Brántega
- EP-7201. Cachafeiro-Silleda
- EP-6004. Liñares- Ponte-Asneiro, coñecida como Prado-Vilatuxe, que habería que anhear, nun tramo dirixímonos á Deputación Provincial e na que vostede votaron en contra.

Todas estas estradas tamén son transitadas e habería que tratalas como as anteriores; discorren por Lalín.

D. Nicolás González Casares. Dozón transitadas.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Vertebran aos nosos veciños. Se algunha parece lonxe, vemos a rotonda do Lalín-Arena, a situación e como está. Dalgún xeito deben mirar polas de aquí verán.

D. Juan José Cruz García. Volvo subscribir as verbas de Nicolás: moitos usuarios destas vías son lalinenses. De acordo co PP. Aínda que el non puidera entrar nesa negociación do PP de 600.000 € en pistas sen executar. Pregunta. Algunha pistas pactadas 2016, unha en concreto ten constancia no Pleno,ten unha preocupación sería?. Se erro, prego mo digan. Coidado co edil non adscrito que din non está preparado, e pasa como co ENIL que os seus avances e conxeturas son realidade. Pregunto pola Pista da Miñoca, de Parezo, que está sen realizar. Que plan se empregou e se se enterou? Pregunto ao goberno que de non estar executada en tempo se pode perder outra cantidade de fondos. Polo tanto coidado e facer traballo dilixencia. Se erra nas súas conxeturas, non pasa nada. Todos estamos máis tranquilos e os lalinenses máis tranquilos. Pido tamén para esas pistas do PP e vou demandar se executen cousas de extrema e urxencia. A vía a Lugo, desde logo é urxente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A min o das fotos faime moita graza. Respecto ao persoal político, ao Presidente do Estado, pero na ponte de Rande, despois de varias inauguracións, agora hai protestas dos alcaldes da zona. Non sei se todo PP de Lalín está en condicións de falar de nada. Vamos: "é que o poneis a huevo". É castizo. Sobre as pistas pactadas, entende que o edil non adscrito adolece de inexperiencia, enténdeo. O de A. Rodríguez sorprende. Está á espera da liquidación agora en abril, ao día seguinte estarán en uso as pistas. Sorprende o de A. Rodríguez. Está no Plan Marco e aínda faltan cartos. A pista da Miñoca vai no Plan Marco, falta unha ínfima cantidade procedente do Ive, trasladada xa a petición á Deputación Provincial. Está en marcha. Eu persoalmente elixina, e consensueino cos veciños.

D. Juan José Cruz García. Cando ten que estar executada?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non sei.

D. Juan José Cruz García. Non sabe isto?. Diga o mes.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non sei a data?

D. Juan José Cruz García. Descoñece o Alcalde a data de remate desta obra?. Pide ao alcalde, sendo así, dirixirse con respecto ao edil falante? Non conteste tan rápido e que os lalinenses o saiban.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Preguntaba en que plan estaba vostede. Estivemos Enriba eu e Medela. Estamos sobrados de prazo. O Plan é bianual. Non hai ningún problema. Están informados os veciños. A pista da servizos a varias explotacións. Eu

mesmo decidín QUE foran eses cartos aí. Tamén decisión para a pista de Fraga, non se chama así, pero se coñece.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pista de muíño.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non o dicía por mal. Se quere collelo con pinzas.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Para aclarar o voto.

D. Juan José Cruz García. Tivo tempo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Quere saber se van apoiar a transaccional ou si non nas datas vindeiras traemos ao próximo Pleno unha moción.

D. Juan José Cruz García. Ir de campión.

D. Nicolás González Casares. Reclámadeo a Fomento. Non?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Temos claro o da mellora da N-540 necesaria e todo o mundo, pero tamén botamos de menos que estas que vías provinciais que presentamos estean así. Queremos dirixirnos á Deputación.

D. Juan José Cruz García. Quere explicar o sentido de voto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non

D. Nicolás González Casares. Meter a vía de Dozón. Non ten moito sentido. A transaccional?. Se vostede estades a favor da moción, é lexítimo pedir. E a de Prado?. Esas tres. Debedes pedirlo á Deputación Provincial.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. A de Liñares. A que vai de Asneiro hai tempo que a votaron.

D. Nicolás González Casares. Prefire introducir esta transaccional. Aceptada toda.

D. Juan José Cruz García. Dúas en Dozón. Non.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Discriminar Dozón?.

D. Nicolás González Casares. Hai Pleno en Dozón. Non sabe o que se trata.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Pola N-540 transitan moitas persoas, tamén Lalinenses. Podemos facer unha enquisa e ver os que empregan esta estrada tanto en Lugo e logo a obra que din en Dozón.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Alvarellos, Sixto. Afectan a Lalín.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Aceptamos a transaccional.

Sometida a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co

voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN e a EMENDA DO SEGUINTE TENOR:**

A conexión por estrada entre Lalín e Lugo ten unha importancia manifesta, pois non só funciona como o eixo de comunicación dende Lalín coa veciña provincia de Lugo, senón que ademais é a vía fundamental de saída cara o corredor do Cantábrico e cara a Meseta Norte. Na actualidade, a posta en marcha -cun considerable atraso- da autovía Santiago-Lugo permite a través da incorporación de Guntín rebaixar os tempos de viaxe dende Lalín e tamén mellorar en seguridade, xa que se evita ter que circular polo treito en estado complexo común entre as estradas N-640 e N-525.

Malia este pequeno avance, aínda continúan pendentes de construción máis de 150 quilómetros de vías de alta capacidade comprometidas por Fomento para comunicar a provincia de Lugo con outros puntos da xeografía galega, o que segue lastrando tamén as posibilidades de comunicación dos cidadáns de Lalín e de Deza. A este feito hai que sumar algunhas propostas sobre novas infraestruturas completamente baleiras de contido realizadas nos últimos anos que só existen en papeis e nas que os prazos marcados vencen sen rubor para os responsables políticos que os propoñen. Deste xeito, a conexión segura e fluída entre Lalín e Lugo segue pasando, a día de hoxe, pola mantemento nun bo estado das estradas N-640 e N-540.

Estas dúas estradas nacionais que conectan Lalín con Lugo están neste momento nun moi deficiente estado de conservación. O seu abandono xa se pode comprobar nas mesmas portas do casco urbano do noso municipio. Neste punto a rotonda do Areal presenta actualmente un firme lamentable que leva anos pedindo unha solución e que pon en perigo, ademais, o bo estado da rodadura da Rolda Leste reparada en 2016 polo Concello de Lalín. Pero ese deficiente estado do firme non só se limita a nosa vila, senón que é perceptible en toda a ruta mencionada, xa con evidentes problemas no treito entre Lalín e Agolada. Aínda así, as maiores deficiencias atópanse na viaxe a partires da vila de Monterroso e fundamentalmente tras a fusión das nacionais N-640 e N-540. A partir desta zona denominada Alto do Hospital ata a conexión coa N-547, a estrada Santiago-Lugo presenta un firme en estado demencial, con varios quilómetros onde as continuas irregularidades e as profundas fochancas chegan a provocar sensación de perigo e de inseguridade para os condutores que teñen que transitar por este treito. Tras anos de nulo mantemento a capa de aglomerado sofre un importantísimo desgaste que propicia aparición de fendas e buracos, así como de grava e pedras soltas que saltan aos vehículos e que en conxunto mostran un abandono impropio dun treito onde coinciden dúas estradas de carácter nacional.

Ante esta situación que se prolonga no tempo de xeito inadmisibile froito da desidia do Ministerio de Fomento, é necesario tomar medidas urxentes para evitar os serios contratemplos e incluso o perigo para os cidadáns que provoca o mal estado das mencionadas estradas, así como para mellorar a fluidez e a seguridade das comunicacións entre Lalín e Lugo.

Á vista do anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitalle ao Ministerio de Fomento que proceda con urxencia á mellora do firme das estradas nacionais N-640 e N-540 que unen Lalín e Lugo.

Segundo.- Solicitalle á Deputación Provincial de Pontevedra que realice actuacións de conservación e mantemento das seguintes estradas da súa propiedade que afectan a Lalín.

- EP- 6005, coñecida como A Prado-Bodaño. Desde Airiños precisa un arranxo integral.
- EP- 6016 Maceira-Alvarelos. Discorre por Dozón.
- EP- 6306. Brántega- Cruces.
- EP- 6302. Berredo. Brántega
- EP-7201. Cachafeiro-Silleda
- EP-6004. Liñares- Ponte-Asneiro, coñecida como Prado-Vilatuxe, que habería que anchar.

5.- EXPEDIENTE 1733/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA XUSTIZA DE GALICIA E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 22 de marzo de 2018 co número de entrada 2230. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de marzo de 2018.**

Polo goberno municipal **D^a. Lara Rodríguez Peña**. Sabemos todos que o funcionariado de xustiza de Galicia leva en folga 60 días. A situación laboral é insostible, precaria e sofre discriminación respecto a outras C.A. Piden igualdade e melloras salariais. Son corpos nacionais con complemento autonómico con diferencias máis que notables con outras CC.AA. Asistimos a unha situación de precariedade de persoal e de material, tamén salarial insostible. Non se crean prazas e si se amortizan. Algo habitual é eliminar postos de traballo. Esta é a mellora do servizo que a Xunta de Galicia pretende. No ámbito sanitario é lamentable. Dous exemplos: Os xuíces de Galicia cando teñen baixas, non teñen descontos. En Ponferrada o resto do persoal ten desconto no 3º día. En Galicia teñen dende o primeiro día;. Non son tanto reivindicacións como equiparación salarial, senón de xustiza, nunca mellor dito. Non pode ser que en Galicia se dean estas condicións e mesmo que uns compañeiros no mesmo eido tiñan privilexios e noutro eido, outros non. Os de Galicia teñen descontos dende o 1º día. É curiosa a mobilización. *Alfonso Rueda* nunca quixo sentarse a negociar, non se dignou en 60 días de folga. A Xunta de Galicia manipula os datos e só aduce o tema económico. Esta é a táctica nos medios de comunicación que son de quen son. Os funcionarios piden algo de xustiza, están en folga e por iso se piden os acordos. Leunos.

D. José Antonio Varela Quintela, do PP. Non necesita cinco minutos. Alguén cometeu un erro, porque isto veu aquí, sen ter que vir aquí. É un tema do Parlamento Galego máis que do Concello Lalín. Non imos entrar en ningún debate neste tema. Están as negociacións abertas, con avances e vaise chegar a un acordo en vindeiras datas, un acordo beneficioso para todas as partes. Non é o sitio idóneo debater este

tema. Non van votar esta moción.

D. Juan José Cruz García. Aquí votará a favor, porque claro con tantos procesos xudiciais abertos, é o mínimo que pode facer: Non vaia ser mo tomen.... Se hai segundo turno, falarei da descentralización, do tema salarial.... É un tema moi aberto. Co café para todos, vai ser que as autonomías nin teñen potestade nin autogoberno, nin poden xestionalo, nin a oposición ten forza e todo depende duns presupostos co apoio nacionalista. Quédalle grande o tema. Voto a favor.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Algunhas persoas frivolizan nun tema que non é menor. Os traballadores públicos están en folga, con reducidos salarios, perden mil euros ao mes e a súa economía familiar. Pouca frivolización no tema. Falei cun membro do goberno galego. Había avances, os sindicatos pechados a rematar esta situación. Sindicatos din outra cousa. Non é un tema menor. Afecta aos lalinenses, rexistros, natalidade, fillos, nos cesamentos, non tratar con frivolidade.

D. Juan José Cruz García. Bastante temos coa RPT do Concello para entrar no tema doutra administración autonómica. Falemos tamén dos mestres. Pide un segundo turno.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Non está no seu turno. É un tema serio, afecta día a día a lalinenses. Algunhas cousas trátanse no Parlamento. Pide que sexa de xeito construtivo e que se solventen as diferencias, que se senten definitivamente e que haxa acordo. Teñen dereito os funcionarios e aos concellos lles afecta. Afecta ás economías familiares e ao día a día dos lalinenses. Quere ser construtivo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Dende hai moitos anos asistimos a unha situación insostible na xustiza galega en canto a compromiso do goberno da Xunta de Galicia na súa responsabilidade como fonte de inversión pública. Esta situación foi sistematicamente denunciada polas organizacións sindicais da administración de xustiza; denuncia que non tivo resposta proactiva do goberno autonómico e que mesmo foi acompañada cunha degradación do sistema público de administración de xustiza en canto a tempos de tramitación, existencia de salas de xulgados suficientes nas cidades e vilas do país e especialmente en canto á adecuación dos cadros de persoal necesarios nos centros de traballo e mesmo os dereitos laborais dos mesmos.

Lonxe de afrontar esta situación como un goberno responsable, o executivo de Núñez Feijóo, o conselleiro Rueda, o seu Director Xeral de Función Pública e o de Xustiza “ningunearon” sistematicamente á lexítima representación sindical que alertaba dunha situación laboral precaria e claramente discriminatoria se temos en

conta o diferencial cos dereitos de persoal de xustiza noutras comunidades. Agravios que van dende a inexistencia de reforzos suficientes nos xulgados galegos, número de prazas insuficientes nas convocatorias públicas de emprego, dereitos en caso de IT's e baixas laborais, e cláusulas de revisión salarial que eviten a importante perda de poder adquisitivo dos cadros de persoal dos xulgados galegos.

Esta situación de insostenibilidade levou ao conxunto das organizacións sindicais CIG, USO, AXG-CUT, UGT, CSIF, STAJ, CIG e CCOO a convocar diversas xornadas de folga dende o pasado mes de decembro cun seguimento de máis do 90 % en Galicia, especialmente na nosa cidade cun 95%, o que amosa unha unidade total nas reivindicacións no colectivo de traballadores e traballadoras da xustiza galega.

Fronte a esta exemplar resposta, o goberno da Xunta despregou unha política de "0 negociación" que soamente foi parcialmente emendada cando a presidenta do Consello galego de relacións laborais (CGRL) asumiu un papel mediador ante a gravidade da situación xerada.

Pola súa banda o goberno galego artellou unha estratexia de criminalización do sector, acusándoo de paralización da xustiza; mesmo empregando unha estratexia comunicativa vitimista e claramente focalizada en poñer á opinión pública galega e viguesa contra os cadros de persoal dos xulgados.

Como lembraban os voceiros dos sindicatos de xustiza nun medio recentemente: "Isto non é unha reclamación económica, esta é unha reclamación contra a discriminación que temos as traballadoras e traballadores da xustiza galega fronte ao resto de traballadores da xustiza no Estado. A día de hoxe, as e os traballadores da xustiza galega estamos discriminadas/os a nivel sanitario fronte a maxistrados, fiscais, secretarios/as xudiciais. En baixas por gripe, varicela ou sarampelo eles non teñen ningún tipo de desconto e a nós descóntannos 50%. Pero os traballadores dos outros territorios do Estado tampouco teñen descontos pola gripe. Nós si".

En vista do exposto, o **Pleno da corporación municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Amosar a súa solidariedade cos cadros de persoal dos xulgados galegos e de Lalín na loita polos seus dereitos e por unha administración de xustiza con recursos para a súa eficiencia.

Segundo.- Instar ao presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a establecer unha canle seria de negociación coa representación sindical dos traballadores e traballadoras da xustiza de Galicia.

Terceiro.- Denunciar a situación de marxinalidade e discriminación que sofren os traballadores e traballadoras de xustiza de Galicia en canto a: equiparación de baixas médicas con xuíces, letrados xudiciais e fiscais; a non devolución de partidas salariais recortadas entre os exercicios 2013 e 2016; creación de prazas ocupadas por funcionarios de reforzo; uniformidade salarial entre persoal fixo e substituto; e discriminación salarial con respecto a funcionarios do sector noutras comunidades.

Cuarto.- Instar á Xunta de Galicia a reverter as externalizacións na administración de xustiza (os orzamentos autonómicos creceron dos 3 aos 11 millóns de euros para estes fins en menos de 5 anos).

6.- EXPEDIENTE 1413/2018. SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA NO VINDEIRO PLENO DO ALCALDE, PARA QUE OFREZA EXPLICACIÓNS E RESPOSTE ÁS PREGUNTAS SOBRE A PLANIFICACIÓN, TRAMITACIÓN, ACTUAL ESTADO E POSIBLES REPARACIÓNS DA DEPURADORA DE ZOBRA.-

Deuse conta pola Presidencia da presente solicitude, presentada no rexistro xeral o día 12 de marzo de 2018 con número de entrada 1777. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable** da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de marzo de 2018.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fixeron as cousas ao revés e queren sacar peito, diante dun desaguisado. Empezan a casa polo tellado, e non queren emendalo e manter. Alá vos. Na comparecencia que virá faremos preguntas pertinentes para desmontar as mentiras. O motivo son as explicacións e a nefasta xestión desta obra. Vimos que se puxo algo preocupado cando saíu o estado de abandono da depuradora, que non o pasamos nós. Visto o estado de abandono non sabe por que non recoñecelo. Houbo ataques furibundos cara a nós. Criticamos primeiro que non se fixera primeiro a canalización e logo depuradora. Fixeron vostede ao revés. Queremos escoitar as explicacións das obras de canalización do alcantarillado. Os veciños infórmanos dun xeito e a vos, doutra.

Logo queremos saber se aceptan a seguinte emenda:

Engadir á comparecencia o tema do muro de Doade. Queremos escoitar as explicacións. Repito. Na depuradora Zobra e no muro de Doado houbo unha perda dunhas subvencións máis.

D. Juan José Cruz García. O labor da oposición é apoiar todas accións fiscalizar e ter información do goberno. Este ten demostrado que ten a especialidade de omisión de información.

D. Rafael Cuiña Aparicio. O voto do goberno e do Alcalde, favorable, ante o meu nerviosismo, polos ataques furibundos. Verase quen minte e quen non. Sabe que non pode comparecer, pero tiña que comparecer vostede e non eu. Encantado. O mal dalgúns “desechos” convértense en realidade. Non é tecnicamente posible.

D. Xosé Crespo Iglesias. Hai que votar a emenda engadida. O debate vai ser cun ou con dous turnos?.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu demostrarei e preguntarei o que me dea a gana`. Vostede responderá o que lle dea a gana. Como estaba cando nos nos marchamos e como está agora. Descoñece ou non ten datos principais.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Cóntame. Ao mellor estou equivocado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Eu seiño.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Coincidiron en mala época. Non é culpa súa.

Sometido a votación ordinaria a emenda, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE a devandita** emenda.

Sometido a votación ordinaria a moción co texto da emenda xa incorporado, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN DO SEGUINTE TENOR:**

O pasado 1 de marzo de 2016, o goberno lalinense, a través dun acordo de Xunta de Goberno, daba o primeiro paso administrativo, coa petición dunha achega de 59.908 euros con cargo ao Plan Concello 2017, para a construción dunha depuradora na parroquia de Zobra. O inicio a un proceso longo, “farragoso” no administrativo e coas consecuencias nefastas que todos os veciños coñecen dunha depuradora deteriorada e con necesidades de mantemento antes da súa posta en funcionamento. Dende aquel lonxano 1 de marzo de 2016 do comezo da tramitación ata o comezo das obras, que se iniciaron a mediados do mes de novembro de 2016, pasaron nove meses e medio de tempo dedicados a darlle curso administrativo a unha obra que se acabou contratando por procedemento negociado, o que en teoría implicaría unha redución de tempos moi importante que non se deu.

Comezada a obra ao final do outono (9-11-2016), despois de terse desaproveitado o bo tempo da primavera e do verán para acometela, en febreiro de 2017, tras dous meses en obras, a empresa adxudicataria do contrato decidiu presentar unha solicitude de prórroga que a Xunta de Goberno autorizou -o día 6 de febreiro de 2017- poñendo a data límite ás obras no día 20 de marzo.

No máis de un ano que transcorreu dende o inicio da tramitación ata o remate das obras, pasaron polo medio ata cinco certificacións de obra da empresa BILEGA ENERGÍA para unha obra de menos de 60.000 euros, unha prórroga e nos meses seguintes ata dúas correccións de erros por defectos ou diferencias na tramitación do expediente e das certificacións.

Desaxustes nas certificacións, con discrepancias entre o exposto no proxecto e a documentación ca que se fixeron os certificados de obra, obrigaron á empresa e ao goberno a levar a Xunta de Goberno Local, con data 17-10-2017, unha corrección de erros cunha ampla argumentación técnica que obrigou a “Corrixir as certificacións emitidas inicialmente, quedando estas anuladas e sendo substituídas polas certificacións modificadas”. Correccións que se fixeron cando ditas certificacións xa foran abonadas á empresa executora das obras.

A nivel político, cando se propuxo esta depuradora, o Partido Popular avanzou o despropósito que supuña a construción dunha depuradora sen ter antes o sistema de canalizacións que daba servizo aos veciños, unha consideración que o grupo de goberno non tivo en conta e seguiu adiante co proxecto.

En sede plenaria en setembro do pasado ano, fai seis meses, os populares alertamos que *“a depuradora de Zobra leva case un ano parada e sen trazas de facer os ramais a pesar que no Plan de Concellos de 2017 puxeron unha cifra de diñeiro importante. Estamos en setembro e esa obra está sen adxudicar aínda. Non sei que vai pasar agora coa depuradora, se vai funcionar o día que a poñan en funcionamento, porque normalmente as obras teñen un ano de garantía e creo que unha vez que fagan os ramais vai pasar do ano”*.

Considerando que a obra rematou no mes de marzo de 2017, e o período de garantía destas obras é de un ano, a día de hoxe esa garantía está extinguida e no caso de haber algún problema ca posta en marcha, unha vez estean colocadas as canalizacións, que moito nos tememos que será aínda cousa de moitos meses, será o Concello quen se teña que facer cargo de todas as reparacións, axustes e programacións dos sistemas hidráulicos e de depuración.

A unha tramitación e execución con numerosos “inconvintes” e reaxustamentos, seguiulle hai unha semanas a difusión nos medios de comunicación do estado “lamentable” no que se atopa a día de hoxe a instalación da depuradora de Zobra, con plantas arrincadas e secas, valado da contorna danado, tubos soterrados á vista, area no sistema de filtrado, tubaxes oxidadas unhas de desmontadas as outras, tanque de recollida de auga sen tapa. En resume, un estado moi lonxe do que debería estar unha obra que aínda nin empezou a prestar a súa función e que, moitos nos tememos, que aínda deberán pasar moitos meses antes de que a preste.

Preguntado o goberno no pleno do mes de febreiro pola situación desta instalación, o alcalde preferiu optar porque a concelleira non falase do tema e dar a calada por resposta ata ofrecela por escrito, sendo o único dos casos de todo o pleno. Un mutismo que se mantivo ata que o alcalde preferiu ofrecer explicacións pouco coherentes e que tentou de converter en ataques directos á oposicións.

Á vista da falla de explicacións, da negligencia na actuación do goberno na planificación desta obra que presenta danos e ten xa o período de garantía expirado ou moi próximo a facelo e ante a necesidade de clarificar o proceder do goberno tanto no eido político como administrativo, é polo que o grupo popular solicita se tome o seguinte acordo.

O Pleno da corporación municipal ACORDOU:

Aprobar a comparecencia no vindeiro pleno do Alcalde, **Rafael Cuíña**, para que ofrezca explicacións e responda ás preguntas sobre a planificación, tramitación, actual estado e accións correctoras que se deberán tomar sobre a depuradora de Zobra e sobre a obra do muro de Doade.

7.- EXPEDIENTE 1600/2018. MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR AO GOBERNO MUNICIPAL QUE APORTE SOLUCIÓN INMEDIATAS AOS ALUMNOS DE TROMPA E TROMPETA PARA EVITAR A PERDA DE CURSO E PARA QUE SE HABILITEN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA QUE O VINDEIRO CURSO SE MANTEÑA A OFERTA EDUCATIVA DO CONSERVATORIO.-

A Presidencia deu conta da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 19 de marzo de 2018 co número de rexistro de entrada 2045. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de marzo de 2018.**

D. Xosé Crespo Iglesias. Cronograma. A mediados de setembro comeza o curso ofertando varias especialidade, trompa trompeta frauta, trombón. A mediados de outubro comunica a marcha o profesores de especialidades. O día 17 de outubro Lara da unha roda prensa, aínda que non son materias que contan cun numero elevado alumnos se traballa para poder dar estas materias o antes posible. O día 4 xaneiro 2018 reúnense con nos e cos medios de comunicacións. O goberno dilles que están mirando a solución. Hai a posibilidade de que os pais contraten o docente. O día 26 xaneiro de 2018, a Interventora di que procede facer un contrato laboral, pero como non se ten RPT non se poden realizar. O día 2 marzo de 2018 pídese informe ao CPAM, aludido polo goberno o de 26 xaneiro. Dous meses despois pedimos informe que non se entregaría ata o día 16 abril. O día 12 marzo os pais estaban preocupados. Houbo a moción conxunta ao Pleno e o 28 marzo o Alcalde anuncia a solución de inmediato. O día 4 de abril, catro van meses e medio do problema, a concelleira segue traballando para arranxar o problema e faltan catro meses para solucionalo. Todo isto denota que non lles preocupaba demasiado o Conservatorio, toda vez que dixeron que o Padroado tiña os días contados. O PP ten a mesma representación de un membro, cando a APAC ou o BNG teñen o mesmo: un membro. Dicían que tiña os días contados. Tres anos despois, sigue todo igual. Non buscan solución, de levalo directamente ou ben con outro organismo ou instituto. Segue tres anos despois e coida que seguirá igual e que non cambiará nada. O PP ten cercenada a representación. Ten igual que a APAC.

Vendo de todo, mesmo reunións cos pais, as solucións buscáronse dende seis meses. Habería que dar desculpas aos afectados. Vostede non quixeron arranxalo, porque non son capaces ou non quixeron. Non queren ou non saben; sabemos que as solucións son malas. Ofertaron os cursos de trompa e trompeta. Se non podían: non ofertalos. O problema é grave porque poden perder o curso os alumnos e hai unha responsabilidade grave cos pais e alumnos do Padroado. Presentamos a moción porque o pediron os pais.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vostede tentou dirixirse a algún membro do goberno e consensuala?. Non quixeron consensuar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vista a relación do oposición e goberno, pretenden botarlle culpa á oposición?. Non teñen inconveniente en consensuar. Estamos a tempo. Só hai que facer unha transaccional e proposta

D. Rafael Cuíña Aparicio. Temos solucionado o tema.

D. Xosé Crespo Iglesias. Perfecto, solucionado. Xa era hora. Estamos aquí despois de moito tempo e os pais teñen aínda preocupación. Se a moción valía para que se puxeran as pilas, benvinda sexa. Están satisfeitos. Pedimos unha solución inmediata: que non se perda o curso. O curso seguinte que non ocorra o mesmo. Hai que facer a RPT e contratar a profesionais, non a RPT do Concello que é un show. Si, facer a RPT, aparte do que opine o Interventor de que é condición *sine qua non* para o curso que ven e que logo cheguen ao mesmo o do ano dezanove, vixente xa coa RPT.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non existe e nunca existiu.

D. Xosé Crespo Iglesias. Contrataron un avogado para facer a RPT e dixeron que empezaría co Padroado.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Existía RPT no Padroado?

D. Xosé Crespo Iglesias. Non. No Padroado non existía. Mal ou ben RTP hai no Concello.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Se existise RPT no Conservatorio tras moitos anos, non nós veríamos nestes vericuetos e en enormes dificultades.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pido dúas cousas. Leu as dúas partes da moción. Primeiro o punto un e logo o punto dous do texto da moción. Leu. Insistiu en que querían que non se perda a oferta e que para o curso seguinte poñan a traballar hoxe.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pídlle transaccionar. Engadir un párrafo á moción:

“Dentro da máis estrita legalidade. Todo isto que piden dentro da mais estrita legalidade”.

D. Xosé Crespo Iglesias: Legalmente non se poderá facer, digo eu.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Reitera o mesmo, na máis estrita legalidade. Se non son legais, que non se poda facer.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non teño e non temos inconveniente, en aceptar esa transaccional. Pero que non sexa salvagarda da inoperancia. Vostede busca escusas, despois de tras anos de non facer nada e ter unha concelleira con todos respectos non colleu o tema con cariño, porque se non non ten explicación. En tres anos avanzouse algo?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Trinta segundos quédanlle.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se non me deixa defender, non a acepto. Si me deixa, si.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si. Retiro a transaccional.

D. Juan José Cruz García. A min si. Retírasme a palabra. Eu non tanto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. O PP representa a miles de lalinenses.

D. Juan José Cruz García. A túa opinión. Córtasme a palabra. A túa opinión é subxectiva. Non es a patria potestade da obxectividade.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sentámonos co PP a falar, xa que teñen representación de lalinenses.

D. Juan José Cruz García. Ti es un bo home, pero te desquicias. Non tes obxectividade. Podes cortarme a palabra e podes botarme do Pleno, o que queiras pero non tes a patria potestade absoluta da verdade absoluta e non sobre min.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Só sobre min e a familia.

D. Juan José Cruz García. Non sobre min. Estás incentivando derivar o contrato hacia a ilegalidade. Se dis estricta ilegalidade, deixas caer se fixeorn cousas ilegais. Pódese contratar como se estaba contratando, con facturas, *con master class*, perfectamente legal e estrutural, Se dis que non vale, dis que uns funcionarios do Concello deixaron facer un traballo que non era legal. Defendes iso e contrataches a un amigo como avogado. Contestastes dicindo que a familia Calvo Ulloa son amigos, dixeches que si. Contratastes para non facer a RPT, cun contrato menor, e externalizar os servizos, e mesmo utilizar o plan da Deputación a quen se podía pedir axuda. Non había en cambio 65.000 € anuais para as escolas de Bandas. Temos unha Escola da Banda que funciona na máis estricta na estricta legalidade, unha xestión perfecta, contratas a eses funcionarios e profesionais, e pode examinar calquera persoa doutra especialidade. Non tramitaches as axudas e agora a culpa é nosa. Se tramitaras as axudas das Bandas.... Coñeces a dous profesores trompeta no rural. Juan Lois Diéguez rexeitou estar na Banda de música de Barcelona, rexeitou a oportunidade de estar e quedou coa Banda de Santiago e seguir en Galicia. Non quixo e hoxe axuda en Muimenta en condicións precarias á Banda. É titulado superior. Aquí no pasado deixouse traballar a unha persoa e non toda a culpa é o PP. Coidado, na estricta legalidade, coidado con dicir iso porque aquí houbo xente que firmou uns contrato co persoal do conservatorio con moitas dúbida. El non quere reventar o Conservatorio. Este profesor perfecto colaboraría. A máis inri hai outro profesor titulado de trompa, e máis inri o Direcgtor da banda de Vilatuxe, en trompa e con ámbito internacional. É moi fácil de arranxar isto, se quixeran. Obsesiónanse en non facer nada. Cruz propón. O caso de Bram foi o PP quen o contratou. Queriamos un director de primeiro nivel, coa premisa da dirección de agrupacións do conservatorio e profesor de música. Está moi claro como foi. Un concepto amplo. A culpa foi que Cuíña púxoo a traballar de profesor. Alguén non os alertou. Sempre tiveron contratado a un profesor de primeiro nivel. Eu son músico, vin pasar a José Fortes e outro de A Coruña que sempre ven. Queriamos un Director. Non fai falta ningún director para dirixir unha Banda. Para firmar as notas si se necesita a titulación. Logo si, diríxense a eses Inspectores e denuncian. Igual denuncian a Cruz.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Respecta o turno. Un minuto.

D. Juan José Cruz García. Dous minutos. O despedido de Bram debeu ser un despedido disciplinario. Bram dedicouse a toearnos. Katia marchou porque non estaba de acordo. Outra cousa é aconsellar: legislar. Apunta Rafa: pódoche axudar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A ver si cho dixo outra persoa con outro nome.

D. Juan José Cruz García. Podo axudar. Facemos unha cruzada para os 21 e tiramos da corda. Pregunta ao Secretario: Coida que podería legislar o Congreso dos Deputados modelos de contrato que se utilicen no Conservatorio non dependente, para facilitar contratación aos concellos?.

O Sr. Secretario. O réxime laboral e a contratación son competencia do Estado.

É unha reclamación clásica da Fegamp. Botamos en falta unha lexislación específica para os Concellos. Aplícase a normativa xeral e a problemática dos concellos non é a mesma que a das empresas, pequena, mediana ou grande e a idiosincrasia diferente.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Se lle aburro. Sr. Crespo. É un tema importante.

D^a Lara Rodríguez Peña. Ben. Só quería dar grazas por presentar a moción. En primeiro lugar ístanos a buscar solución. Se non chega a ser por esta moción, non chegaba a solución. Desde o primeiro momento estou cansada de que se diga que esta concelleira non buscou solucións. Mentira, dende o primeiro momento, coa problemática, reuniuse cos técnicos da casa sobre a contratación. O problema ven da lei Montoro que impide a contratación. Logo existe a problemática que vostedes o PP deixaron tras o goberno de 25 anos; o que non ven é que o erro foi de vostede. Se houbera RPT no Padroado, non houbera o problema e non comernos nós o problema. Non so falta a RPT, senón que os contratos se fixeron en fraude de lei. Hai que recordar que a Inspección de Traballo obrigou a declarar o persoal como indefinido. Ven de atrás a problemática e agora a comernos nós o tema, pero o caso é non se crearon as prazas e houbo unha concatenación de contratos, algo que era ilegal. O problema procede de vostedes. Así coa RPT sería máis sinxelo ao existiren prazas, coller e substituír as vacantes, pero a RPT non está. A situación laboral de moitas persoas era deplorable e houbo que levantar o reparo suspensivo e facelos indefinidos/as. Por outra parte está o caso de Bram. Sacouse aquí. A contratación de Bram foi completamente a dedo.

Cronograma. En 2007 houbo un contrato sen proceso selectivo. El unicamente se presentou co seu currículo. En 2010 houbo un proceso selectivo de dúas semanas, incluída a publicación das bases. Onde está a inoperancia e o abandono?. Ademais o proceso selectivo é cuestionable, porque a praza era a medida.

Como dixo Cruz, a praza non existe, e ademais trompeta. No currículo víase a persoa do Director da Banda de Lalín. A Banda era unha entidade aparte do conservatorio.

Non sabe ata que punto ten isto claro a oposición. Bram non era director da banda, porque esta non é municipal. O edil non adscrito, cando entrou se ocupaba do tema. Era vostede. Non o pregunta, o di e afirmalo. Cando marchou do goberno, púxemonos as dúas a traballar, eu e a que non está.

D. Juan José Cruz García. Non estaba eu no Padroado.

D^a Lara Rodríguez Peña. Nese momento iniciáronse as conversas co Inspector de Educación, porque non tiña título, inhabilitado pola Inspección. O proceso foi así.

D. Xosé Crespo Iglesias. É alucinante. Vostede pretenden vivir politicamente do pasado. Sr^a Rodríguez: O PP non gobernou vinte e cinco anos, senón toda a democracia. Un breve tempo houbo goberno independente. Logo veu a UCD e logo o PP. Non sabe iso? Mal asunto. Foron máis de 25 anos. Claro que hai problemas cos contratos. Respondo se quero. Pretende desconectar. Claro que hai problemas dos concellos desde sempre. Son conscientes. Sendo eu Presidente da FEGAMP unicamente acordou negociar coa Consellería da Presidencia e dirixirnos ao Ministerio de AP e tivemos unha reunión co Ministro para dicirlle que os concellos somos a cenicienta. O Estado e a Xunta lexislan para nos e vémonos indefensos diante da precariedade laboral.

Quedamos cun oso nós. A Xunta da unha subvención. Logo merma e quítacha de todo, como pasou cos GRUMIR agora GEST. Nos Conservatorios tres cuartos do mesmo, nunca se regulou un contrato para nós. Recordo dúas sentadas sobre o tema, tema. Está pendente aínda o de Bram. Que a concelleira delegada queira escudarse, como se a culpa non é dela. Leva moito tempo negociar. Claro é complicado, en todos os concellos con conservatorio, Ponteareas, Vilalba, a preocupación é importante, os problemas son parecidos. Está sen regular. Se cree que hai algunha anomalía, póñao en coñecemento xudicial. A min nunca me dixeron os técnicos, o interventor ou secretario que fose ilegal o contrato de Bram. Se mo dixeran, non o houbera feito, iso seguro. Póñao en coñecemento da Fiscalía. Magnífico traballo da súa consellería. É unha broma. En tres anos non foi capaz de por a funcionar un convenio co Viravolta. Pregunteille a Anxo Basterra na rúa. E non se fixo nada. Nin moito nin pouco. Nada. A saber do Museo do Títere. O curso do ano que ven pódeno meter no Plan Concellos, logo non executan e cambian de partida. O traballo e de Lara. Non estaban de acordo con este sistema de actuar. A xestión era nefasta. Di que poden transaccionar e propoñer si ou non. Para arranxalo hai estándares.

D. Juan José Cruz García. Non ostentou ningún cargo no Padroado. Traballou de xeito altruista. Non formou parte da Xunta de Goberno Local e pode dicir o que queira. Inspección dixo que era ilegal e veu a ratificar a primeira premisa, vostede sabe que era ilegal e o despido tiña que ser de xeito disciplinado. Poña a ilegalidade, poña no Conservatorio, dándolle cartos por detrás a Bram, algo ilegal. Se as axudas ás bandas estiveran xa tramitadas. Bram traía un amigo del. Aténdeme os nenos. Isto fíxoo reiteradamente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Como foi.

D. Juan José Cruz García. Antes de estar e despois. Igual. Dígoo eu, pódeno corroborar os pais. Se queres lévame a xuízo por iso. Hai testigos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non o sei.

D. Juan José Cruz García. É así, de risa. Demóstrame o que digo é mentira. raen un avogado para facer a RPT e non a fan. A RPT disparará o gasto do Concello. Saben que non o van facer porque non hai cartos para tanto e non se poderían dar tantas especialidades. Hai que regular os contratos, facer contratos favorables e loitar por regular pola lexislación. E as Bandas. A Escola de Bandas de Lalín podía contratar. Sería legal ou sería ilegal? Pódese presentar unha transaccional: que tramiten as axudas ás escolas das Bandas e que poidan contratar. Acabouse ese problema. Seguro que se falades con eles, avanzamos. Non hai que falar de botarlle a culpa aos demais. Todos temos que remar no mesmo sentido. Lara: moitas cousas tes razón. Bram foi contratado como foi. A Banda de Lalín se separou nun momento histórico do Padroado. Quere máis tempo.

Dª Lara Rodríguez Peña. Mellor non darche máis tempo. Dixo moitas burradas. Das declaracións do PP non ten nada PP nada que dicir. Non falei da miña xestión e concelleira.

Subiuse o tema de Liñares. Houbo preocupación extrema en solucionar este tema, reunímonos os técnicos para solucionarllo. To tema de Bram, avogado dixo o que había que facer. Ela non decide o despido nin a clase de despedimento. Fíxose da mellor forma posible e para que non houbera consecuencias para nós, sobre todo

económicas. Por outra vía habería problemas e non queríamos. En todo caso, moita responsabilidade deste asunto é do PP. Si que sei quen gobernou. Eu falaba do seu goberno, *Sr. Crespo*. Desculpe a miña ignorancia ou falta expresarme mellor. A responsabilidade é escoitar edil non escrito. E noxo, é noxento oír a dito edil. É un completo inepto culpable do Conservatorio. Compartíamos o goberno, sabíamos competencias de cada un. Tiña información e demostrou unha ineptitude completa, porque non soubo arranxar o problema que afrontamos eu máis a concelleira. Sei o que lle ofreceu a Bram para marchar de aquí. Pasou así, *Katia* e eu tomamos as riendas e ata entón non se solucionou antes.

D. Xosé Crespo Iglesias. O salario de Bram. Por iso non está no Concello.

Dª Lara Rodríguez Peña. É un completo inepto, foi e segue sendo un inepto sen competencia e sen forma de actuar, actuou a cegas.

D. Juan José Cruz García. Que eu traballara no goberno era como axuda, é a verdade, porque non estiveron dentro do Padroado nin na Xunta de Goberno.

Dª Lara Rodríguez Peña. Fala o Conservatorio. É responsable o edil non adscrito.

D. Juan José Cruz García. O verán do ano pasado Bram marchou quince días a Venezuela antes de rematar o curso con complicidade súa. Amiga ten que asumir o que fixo e non vir a chulearnos a todos. Agora veñen os problemas. Contrate a traveé das Escolas de Música.

D. Xosé Crespo Iglesias. Dixo que estaba solucionado. As verbas do edil paréceme, ao marxe folklore, razoablemente graves, sobre todo as acusacións do edil sobre Bram. É grave que contratase con cartos do seu bolsillo a algún que o substituíse, é grave. Non podía o Concelleiro contratar. Tiña que permitilo a concelleira para substituílo por vacacións ou de traballar

Dª Lara Rodríguez Peña. Xa o facían cando estaban vostedes gobernando. Pódese asegurar.

D. Juan José Cruz García. A ilegalidade foi esa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Isto non é un parlamento; é un concello. Non se trata de non deixar gobernar. Despois de falar cos pais falamos e veu a moción. Se valú para solucionar o problema dos alumnos, e que non perdesen o curso, ben. Non pretendemos outra cosa coa moción. Se quere transacionar, estou disposto.

D. Rafael Cuiña Aparicio. É curioso o PP na oposición sorprende. Despois de reunirse cos pais. Me chamaron máis a mín. É certo. Contáronmo, chamárome xente que dicía que o PP quería revolver o tema. Día seguinte na prensa. Hai tres plenos, a Interventora dixo que estaban niso e se botaron a ella. Ao sistema de Master class o informe da Interventora dicía que non era posible.

D. Xosé Crespo Iglesias. Isto non é un parlamento. Estou escoitando da mellor maneira. Non podo falar. Sexamos serios.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Hai que solucionar o tema que non é político. Hai que ir da man. As dificultades son inmensas no Conservatorio. Sabe como min, que a Interventora, Marta Oviedo, trasladoume que algún día habería que pechar o Conservatorio e que chegaría ese día. Eu non permitiré iso. Terían que pasar xunto con Manolo Gómez por enriba do noso cadáver. Non permitiran iso polo impacto social. Sabe que digo a verdade. É unha bomba de relojería. Temos o informe da Deputación. Pedímolo e abriunos certas posibilidades. Onte mesmo o asesor xurídico presentou un informe, requirido por min. Ten certa contradición cos límites legais. Se non, non o diría. Agora o contrato vai por seis meses. Estamos tentando buscar solucións ao curso que ven. Está preparando as bases María Pérez. Lara está encargada de tramitar as axudas de 60.000€ para as bandas de música. Se mo quere aceptar. No tema do conservatorio hai que ir da man e mesmo levantamos o Pleno. Importa máis que os problemas do goberno. É unha bomba de relojería. Pídlles noutros temas non, pero neste ir da man e buscar solucións. Aos pais dálles igual os informes en contra, buscan solucións. Temos que seren construtivos.

O *Sr. Secretario*. O informe da Deputación solicitouse pola Alcaldía. Logo houbo unha petición de aclaración, porque faltaba o tipo de contrato. O informe do concello decántase polo contrato laboral por circunstancias da produción. Xa o veremos. O modelo de contrato non encaixa. O contrato por obra ou servizo non serve, xa tivermos o pronunciamiento da Inspección de Traballo; o de interino non serve tampouco porque falta a RPT.

Este ano o problema soluciónase así, dun xeito excepcional. A medio prazo para o curso académico que comeza en outubro coida que hai que contar unha RPT. Hai dúas prazas creadas e 18-19 persoas. Esta é a solución. A tramitación hai que facela co custe que supoña a consignación orzamentaria. A medio prazo a RPT é a solución.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Agora os profesores están de baixa. É un tema de interese urbano, independente. Non é un tema de partido. O problema podemos telo en calquera momento. Pídlles que sexan construtivos. Gústame ter un Conservatorio exemplar. Coida que teñen que ir da man. Sabe o *Sr. Crespo* das enormes dificultades deste tema. Non hai nin houbo desidia.

D. Xosé Crespo Iglesias. Son consciente que no Padroado hai dificultades e hai unha lagoa para poder facer contratos na Administración Local. Son consciente. Eu Díxelles a vostede que no tema do conservatorio cando haxa unha proposta complicada que nos chamen e logo a ver o que dicimos. Serán razoables. Todos temos o mesmo problema en Galicia. Eu fago unha crítica política. O que agora me din agoara o aceptamos agora, é o correcto. O CEPAM trouxo unha aclaración ao informe xurídico, perfecto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Son os técnicos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Iso mesmo é razoable, acusan que é razoable. Iso puido facer desde o 17 outubro.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Buscamos solucións internas. O de Master class era ilegal. Había informes e un mosqueo de Intervención, que dixo que non. Buscamos toda clase de posibilidades. Pedimos á administración porque non estaba claro ao CEPAM e logo pídense aclaracións. Finalmente atopamos unha solución para rematar o curso. Traballos para garantir o ano que ven. Non acepto a desidia. O que hai son

rochas. Superamos outra rocha, esnaquizamos unha tras outra. Non houbo desidia.

D. Xosé Crespo Iglesias. Desde o 17 outubro, daquela o problema e que non tiveron tempo. Non se pode ir a 10 por hora; tampouco a máis de 120 por hora, estorbando na estrada. Pido dilixencia neste tema. Agora hai que arranxalo para este curso. Perfecto, con costuras. Para o curso que ven, póñase a facer a RPT xa, unha RPT que sexa mínima, pero a facela xa.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Falei con xente do conservatorio. Levan anos con desesperación ante os problemas. Molesta que vostede en primeira persoa diga o que di; outros levan anos. Saben que o que digo é certo. Hai un galimatías burocrático complicado. Para contratar, vímonos negro, buscando solucións. Politicamente non admito con todo que fale de desidia. Fomos de rocha en rocha saltando todas, ata atopar a solución final. Evidentemente houbo traballos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Sabe cal é a diferenza entre vostede e eu. Eu levar para estes asuntos tiña un concelleiro resolutivo. Vostede ten unha concelleira que non é resolutive. Non ten unha concelleira resolutive. Antes con Manolo Gómez, buscabamos as solucións. Negociaba coa Interventora que sempre poñía pegas.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Eu xa estiven con Manolo Gómez. Non busque críticas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Había que pedirlle a el asesoramento en vez de Lara.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Sabe que estivo no meu despacho Manolo Gómez para que axudase. Eu non o quería descubrir. Seguro que o sabe. Eu chameino.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

O curso 2017-2018 do Conservatorio Municipal iniciouse cunha oferta de materias e instrumentos semellante ao dos anos anteriores. Unha oferta que permitiu que se mantivese un ampla matrícula na que se inclúen dende afeccionados á música, xóvenes interesados en formarse musicalmente e mesmo estudantes de maxisterio que cursan a súa formación musical da diplomatura no Conservatorio lalinense. Un centro o lalinense que imparte clase nas especialidades de: Frauta traveseira, oboe, fagot, clarinete, saxofón, trompa, trompeta, trombón, tuba, percusión, violín, violonchelo e piano.

Xa dende comezo de curso 2017-18, os alumnos matriculados na especialidade de trompeta non chegaron a comezar as clases desta materia pola baixa do mestre desta especialidade Bram Sniekers –segundo a concelleira de Cultura de baixa dende o mes de agosto-, ao que con posterioridade se rescindiu o contrato.

A principio do mes de novembro causaba baixa o profesor da especialidade de trompa, un docente que presentou a renuncia polo seu traslado a outra localidade.

A baixa dos dous profesores, por motivos distintos, provocaron que, a principio de novembro, máis dunha vintena de alumnos, que estaban matriculados nesta especialidade, quedaran sen clases dos citados instrumentos. Dende o comezo do curso, uns e outros, no mellor dos casos, levan a esta alturas máis de cinco meses sen clases e o risco inminente de perder un ano académico, que non so teñen pagado senón formalizada unha matrícula en función de unha oferta que fixo o Concello.

A raíz das citadas baixas, a concelleira de Cultura declaraba o 16 de outubro de 2017 que “estaban traballando na busca de docentes para as especialidades de trompa e trompeta”.

Dous meses e medio despois, o 5 de xaneiro de 2018, e sen que mediase solución por parte do goberno, o colectivo de pais mantivo unha reunión co goberno que apuntou que “estaban mirando unha solución” que non acabou de chegar. Ao tempo, días despois afirmaban dende o goberno que ían a consultar coa Deputación de Pontevedra unha solución para unha contratación que presentaba as súas dificultades por, como apuntou a Interventora, non ter feita a RPT do Padroado Cultural, que en teoría xa debería estar rematada dende o mes de agosto de 2017 e que a día de hoxe nin está realizado, nin o estará a medio prazo.

Dous meses e medio pasaron dende aquelas conversas co goberno e que tamén mantiveron con responsables do Partido Popular, e non se aportaron solucións e o risco de perder o curso, por parte dos alumnos, é cada vez máis importante. Os pais volveron a reunirse a mediados de marzo co Partido Popular para solicitar que se tomasen medidas e se adoptase os seguintes acordos, que o Partido Popular traslada ao pleno.

Xa que logo, o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a que busque unha solución inmediata para que os alumnos do Conservatorio Municipal das especialidades de trompa e trompeta poidan ter un mestre que imparte esta asignaturas e evite que perdan un ano académico.

Segundo.- Esixir ao goberno que empece a traballar dende xa mesmo na contratación de mestres para as especialidades de trompa e trompeta, e para aquelas que se impartan na actualidade e que poidan presentar problemas, para o curso 18-19, garantindo a continuidade de todas as materias e instrumentos que se ofertaron no curso en vigor e anteriores.

8.- EXPEDIENTE 1731/2018. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO DE LALÍN A QUE ELABORE UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DA ACTIVIDADE NA PRAZA DE ABASTOS E FACILITE O ASENTAMENTO DE NOVOS

ESTABLECEMENTOS NESTE ESPAZO MUNICIPAL.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro xeral o día 22 de marzo de 2018 co número de rexistro de entrada 2228. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable** da Comisión Infotmativa de **Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de marzo de 2018.**

D^a. Raquel Lorenzo Fernández. Esta moción ven por petición dos placeiros. Hoxe está desmantelada a Praza de Abastos seis meses despois do peche do supermercado, a Praza está case sen actividade. So hai 8 dous dos 12 locais ocupados. En 2015 todos estaban ocupados. Na parte central non hai postos. So hai dous fixos, e na zona baixa un local ocupado. O PP fixo un esforzo inversor e de mellora en infraestruturas e dinamización da praza de 110.000 €, rebozando e para a modernización das instalacións. Da ocupación plena parte superior a final do mandato anterior, pasouse agora a unha do sen ocupación 70 % na zona de venta, que condiciona en gran medida o seu dinamismo, cando debería ser un referente na compra de produtos de calidade e da terra. Os primeiros damnificados da zona, dos produtos praceiros e do centro urbano. No estudo feito polo AED dise que a praza é o motor e dinamizador do comercio do centro, a falla a xestión do goberno que non favoreceu o asentamento dos comerciantes, está a aprobar un prexuízo para os praceiros e para os comerciantes do centro. Houbo tres planes do goberno. En marzo 2016 anunciouse como centro de restauración; en marzo 2017, ano despois, un plan potenciación da praza de abastos; abril 2017 plan de comercio. Aí quedaron. O peor segue a continuación *Nela* en outubro de 2017 co peche do supermercado. En decembro pechou a tenda de *Ultralimento* .O de hortalizas *Rubén* pechou en xaneiro de 2018. En xaneiro houbo conversas. Agora en marzo 70 % comercial baleiro. Instamos ao goberno acceda acordos. Procedeu á lectura da parte dispositiva da moción.

D. Juan José Cruz García. É curioso debater varios minutos e a min me cortades. Os meus argumentos son veraces, realistas e con máis peso. Quérese tapar e silenciar ao edil non adscrito. Chaman a atención dúas mocións unha detrás doutra. Houbo unha edil praza antes. Eu ía apoiala porque estaba capacitada, con forza mental e psicolóxica para estar en política, tanto na concellería coma no Padroado. hoxe non está. Non hai temas laborais, Nicolás está subjudicializado. Tería que responder de Román Pérez, se a súa baixa responde a isto. É curioso con interrogantes, que a edil encargada desta área non estea con nós. Hai problemática no Concello, con xudicialización do tenente alcalde, o despido de Bram, que se marchou porta de atrás, sen falar. Eu fun crítico con ela. Fixen observacións para cuestionala. Esta muller non estivo á altura de Lalín. Marchou e a calar. Non tivera o apoio e deixouno sen resolver. Este goberno cuatripartito ten difícil xestionar, repartir a tarta. Os máis sumisos quedan. Agora tócalle a un edil novo e esperamos que teña máis sorte coa praza de abastos. Non son sempre os mesmos. Paco Vilariño tramita a economía total do Concello. Esperemos que este edil de man férrea teña forza vital para os lalinenses. Tamén se move a economía con contratos laborais. Vemos unha rúa que está morrendo, tócame velo en primeira persoa, a rúa dos viños e solidarízome. Non podemos permitir que os negocios pechen e que se venda a idea contraria.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Da Praza de Abastos quere dicir algo?.

D. Juan José Cruz García. Hai que facer políticas de pechar na mesa. Se non, somos simples espectadores.

D. José Manuel Fernández Taboada. É unha prioridade do goberno. Apostamos pola revitalización. Investiu este goberno xa 26.000 € en concordancia co sector comercial vila, coas liñas de trazado e de potenciación como principais medidas para ese obxectivo. Desde a miña incorporación seis meses goberno, tiveron varias reunións co colectivos placeiros.

Eu e o Alcalde reunímonos co xente da praza e outras para coñecer as necesidades e demandas, facer un plan de melloras e modernización. Un dos obxectivos foi o plan de acción comercial elaborado coa AED. Nos últimos meses a parte baixa ten espazos sen uso. A acción do Concello non determinou as baixas, foron motivos persoais dos placeiros. Coas baixas dos placeiros hai máis do 50 % dos postos da praza baleiros. Eu falei co concesionario do super, para que presente a baixa antes, dada a situación persoal, delicada e complexa. A baixa non será efectiva ata esta semana. Adiantándome, a finais de febreiro, coa opinión do asesor xurídico seguimos o procedemento a seguir de baixa administrativa e co informe da inspección de iniciar expediente.

A situación persoal dalgúns fai que bases para adxudicar os postos se demore máis do necesario. Hai que agardar a baixa efectiva para ofertar todos os postos, o que permitirá unha oferta máis eficiente, segundo criterios dos técnicos. O supermercado é atractivo, e atraerá máis persoas que outras. Ten un papel fundamental na dinamización do conxunto da praza. Iremos recortar os prazos, de xeito global, sen parches ou remedios. Anunciouse a baixa definitiva para a Xunta de Goberno, como imprescindible e logo aprobar as bases de espazos baleiros, preparados hai tempo e listas.

Teño o proxecto de melloras e de modernización da Praza de Abastos coas principais demandas dos placeiros, que se pretende executar nos vindeiros meses, de acordo con elos datos, cun montante de cincuenta mil euros. Financiarase con cartos do superávit, cando sexa tecnicamente posible. Iremos votar en contra. Porque o que di o texto xa se fai, porque todo está encamiñado.

Dª. Raquel Lorenzo Fernández. Dinos as grandes prioridades do goberno, van tres anos. Se queda un ano como prioridade. O segundo agora 50.000 € e os 6.000 € consignados cada ano ata agora e non utilizados, que pasa? Perdéronse, e agora invisten 50.000 €? Agora 25.000 € en que se van investir?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dixo 50.000 €. O estudo de Bouzón téñoo.

Dª. Raquel Lorenzo Fernández. Teño aquí o estudo Bouzón. Xa o lin. E os 50.000€. Por que non utilizaron os 6.000 euros? Os arranxos os pediron os placeiros?, Por que as contías consignadas en 2016 e 2017 non se utilizaron?.

D. José Manuel Fernández Taboada. Dígollo eu Non quixeron eles, logo coas explicacións xa me entenderá.

Dª. Raquel Lorenzo Fernández. Póñase a traballar. É o que queremos.

D. José Manuel Fernández Taboada. Estamos niso

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se oe. Falei. Tres meses.

D^a. Raquel Lorenzo Fernández. Seis meses.

D^a. Eva Montoto Méndez. Voulle dar a razón a *Tomás Vilarino*. Agora non hai ningún micro encendido.

D. José Manuel Fernández Taboada. O Micro Sr. Cuíña.

D. José Manuel Fernández Taboada. Estiven intentando. Non tiña claro se ía seguir.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Son cuestións persoais. Se queres as explico fora de pleno; aquí non se deben dar.

D. José Manuel Fernández Taboada. Con esa baixa e sacar procesos que poden quedar baleiros? Dous procesos para a mesma cousa?.

D. José Antonio Varela Quintela. Nos solicitamos ese plan ao concelleiro e non o obtivemos. Estráñame que estea agora feito.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non estaba rematado.

D. José Antonio Varela Quintela. Temos acceso a ese plan.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non está rematado. Estamos traballando con eles.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nos tamén queremos ir da man dos placeiros. Sabemos o que non dixeron. Outra cousa é que dixeran outra cousa distinta. Nos non metemos as narices, pedírono eles.

D^a. Raquel Lorenzo Fernández. Felicitar a José Manuel. As nosas primeiras intervencións son sempre difíciles no Pleno. Non pasa nada por ler.

D. José Manuel Fernández Taboada. Lei.

D^a. Raquel Lorenzo Fernández. Para algúns iso non se pode facer.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moi ben. Bastante mellor que outras intervencións. Esperamos algunha pequena subvención da Xunta de Galicia. Se me atende, logo non ten dúbidas. Non quixeron eles porque as actuacións previstas, incluída unha de 10.000 € no chan e algunha outra, tiña o problema das fachadas que requiren permiso de Patrimonio, que lle afecta e non quixeron pechar a Praza. Non quixeron eles. Cometemos un erro. Nos debemos pechar a Praza. Non quixemos enfrontarnos con eles e non facer o que pedían. Agora hai outra cousa. Piden facer as obras despois das festas de Lalín, para activar este plan. Creo moito en política nos axentes dobres, moitas persoas a vos cóntanvos unha cousa e a nós outra. É histórico.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vaia novidade!.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vostede está a mil quilómetros vostede. Imaxino aos placeiros chamándoo. Contáronmo a min. Houbo.

D. Xosé Crespo Iglesias. A xente saíu e chamounos a nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Foron mais dun. Teño o costume de pasear polas feiras e falamos cuns e cuns outros. Entende a postura do PP. Felicito a sociedade lalinense polo momento de reactivación comercial, por abrirse agora máis comercios que antes da crise. Non é culpa do goberno. Vostede tiveron a mala sorte e coincidiron coa economía con crise, e pecharon comercios. Con nos abre o triple de comercios. Non é culpa súa. Foi nos últimos anos. Non se preocupe, son modestísimo.

D. Xosé Crespo Iglesias. A praza estaba morta e revitavizámola. Que vostede me diga que está rehabilitando o comercio Lalín. Non ve que vai de mal en peor. Vive vostede en Lalín. Paralelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eu ando máis que vostede en Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nos bares si. Non vas á Xunta de Galicia nin á Deputación. Eu andaba en coche oficial a estes sitios.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eu non uso o coche oficial.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ando bastante máis por Lalín que vostede. É evidente. Teño teño amizade cos placeiros. A un deles saíulle unha oferta de traballo mellor e outro marchou á Estrada, por diversas circunstancias. Haia catro ofertas para p supermercado, que interesa e pronto estará aberto nunha marca ou con outra. Para froitas tamén hai algún solicitante. Felicito aos comerciantes e emprendedores que abren comercios. Estes anos de comercio, hai o triple de licenzas apertura e de cambios denominación respecto anos anteriores. Felicito ao pobo de Lalín e aos emprendedores. Falo con directores bancos, e din que empeza a haber movemento, que hai recuperación, dígollo ao portavoz do PP. Encantados. É bo para todos. Non é mérito deste goberno, senón da sociedade lalinense.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.

Xa que logo **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

A Praza de Abastos de Lalín sufriu nos últimos meses unha involución que a deixou con moito máis da metade da superficie de venda da planta superior baleira e sen uso, polo peche e renuncia de varios dos establecementos que ocupaban espazos desta concesión municipal.

A día de hoxe, seis meses despois do peche da actividade anterior, o espazo que ocupaba o supermercado, que supón a metade da superficie de venda da parte

superior, está sen actividade e seguira estando máis tempo, tanto en canto non se adxudique a un novo empresario que se encargue da súa explotación. Membros do goberno comentaron a principio de ano aos praceiros, tres meses despois de que se pechara o supermercado, o interese dalgunha firma comercial nesta concesión, pero tres meses despois segue sen concretarse a implantación dese presunto novo establecemento que sirva de impulso ao atractivo da Praza para os clientes.

A ese importante oco deixado polo peche da actividade do supermercado, sumouse nas últimas semanas do ano 2017 a baixa dun establecemento de hostalería, Ultralimento, que ocupaba tres locais á que se engadiu a renuncia dun posto de verduras e hortalizas semanas despois.

Na zona da entrada, quedan a día de hoxe en funcionamento tres carnicerías e unha pescadería que ocupan 8 locais, quedando baleiros outros 4. Na zona central da entrada seguen operando dúas tendas de produtos lalinenses que se instalaron ao abeiro do programa a Hortiña da Praza posto en marcha polo goberno do PP no mandato anterior, en decembro de 2011. Un mandato no que, ademais da posta en marcha do citado programa de produtores, se acometeron importantes investimentos tanto na estrutura da praza como na súa dinamización e difusión. O máis importante dos investimentos acometeuse en 2011 cunha partida de máis de 110.000 euros que se destinou a un remozado e modernización das instalacións da praza que tiveron continuidade con diversas obras nos anos seguintes do mandato.

Dunha ocupación practicamente plena da parte superior ao final do pasado mandato –con produtores da Hortiña da Praza no espazo central, uns fixos e outros rotando-, pasouse a unha situación na que está sen ocupación a zona traseira que ocupaba o supermercado -que supón a metade do espazo da zona alta-, sen ocupación varios postos da zona central da parte dianteira e sen actividade 4 locais dos 12 da zona dianteira.

A porcentaxe tan ampla sen ocupación da zona de venda da parte superior, con entorno ao 70 % de todo o espazo sen actividade, está a condicionar en gran medida o dinamismo dunha Praza de Abastos que debería ser referente para a compra de produtos de primeira calidade e de produtos da nosa terra. Os primeiros damnificados desta involución na actividade comercial na Praza son directamente os praceiros que manteñen a actividade, pero indirectamente tamén a todo o comercio do centro urbano. Partindo da base de que o estudo encargado pola AED referíase á Praza de Abastos como motor e dinamizador do comercio do centro, a falla no goberno dun proxecto de dinamización e unha xestión que permita o asentamento de comerciantes neste espazo municipal está a provocar un grave prexuízo tanto aos praceiros como aos comerciantes do centro.

Ao fracaso na continuidade da actividade na parte alta, súmase o fracaso da comercialización de locais na planta baixa e soto. O goberno de Lalín vendeu como gran iniciativa e novidade en marzo de 2016 a planta baixa para un mercado relacionado ca restauración que dous anos despois nin ten actividade nin se alugou ningún espazo para temas relacionados coa hostalería.

Así as cousas, e partindo dunha situación actual complicada transmitida polos propios praceiros aos grupo que subscribe a presente o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Instar ao goberno de Lalín a que elabore con urxencia un Plan de Dinamización da Praza de Abastos que permita a recuperación da ocupación plena deste espazo comercial municipal, a potenciación dos establecemento alí situados e a difusión dos atractivos comerciais da mesma.

Segundo.- Instar ao goberno de Lalín a que artelle medidas encamiñadas a facilitar e negociar o asentamento de novos negocios nos espazos baleiros da Praza.

9.- EXPEDIENTE 1944/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO SOLICITANDO O REXEITAMENTO Á POSIBILIDADE DE QUE A COMPAÑÍA MINEIRA QUE PRETENDE A REAPERTURA DE MINA DE TOURO EMPREGUE AS INSTALACIÓNS FERROVIARIAS DA ESTACIÓN DE BOTOS COMO TERMINAL DE CARGA.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada por urxencia no rexistro xeral o día 4 de abril de 2018 co número de rexistro de entrada 2479.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A urxencia ven motivada pola posibilidade segundo apareceu nos medios destes días de que se empregue a estación de Botos, a terminal carga para os concentrados de cobre.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nós estamos a favor da urxencia de todas as mocións que se presenten.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Veu todo moi rápido, tan pronto, como e cando nos enteramos desta opción real. Parecía moi importante non demorar nada, sobre todo nun tema tan importante, co perigo que conleva e os efectos medioambientais e para a saúde para as persoas. Partimos do acordo unánime en decembro, cando se trouxo a moción pola de mina de Touro. Acordamos rexeitar a apertura da dita explotación, polas consecuencias no ambiente, na saúde, socioeconómicas que elo conlevaría, e pedindo a denegación da reapertura da actividade mineira. Daquelas o acordo do Pleno foi solidario. Lalín non era municipio afectado directamente, pero para nós, por desgraza agora non é así. O proxecto xoga un papel complementario, máis estratéxico, pola posición xeográfica que ten a estación de Botos. Foi remitíndonos ao proxecto de actualización, datado en marzo de 2017, que di textualmente: “ *A rede ferroviaria en Galicia en desenvolta, Lalín surleste de Santiago 40 km. Punto de partida máis apropiados en caso de empregar o sistema ferroviario.*

Dita empresa no seu proxecto, no caso de facer o transporte por vía ferroviaria, ubica a estación de Botos, como lugar escollido para facer. Elo sería un perigo máis que eminente para a cidadanía máis próxima e da súa contorna.

Máis ese modelo de industria máis contaminante non é o modelo que se defende para

o noso Concello. É unha previsión real, de *Minera do cobre San Rafael S.L.* asentarse en Botos. Por iso non hai que demorar un só segundo en loitar contra isto. Está sen resolver aínda o permiso de reapertura da mina de Touro, sen dubida pola presión social e o rexeitamento. Entendemos que aquí xa nos, dunha postura solidaria, pasamos a ser afectados directos e con outros concellos que pensaban que non o eran, polos que discorra transporte de mercadorías. Cambiounos desgraciadamente a situación cen por cen.

Tamén botamos bastantes horas estudando isto e vindo onde irían. Está claro o proxecto irá de Touro a Botos, o transporte, o acopio e o traslado. Isto iría pola complexidade da moción nun entramado empresas ata Huelva, onde teñen o centro loxístico e dende alí comercializar os mercados. Rentabilidade económico, asiático e o americano. Dámoslle credibilidade ao risco, e concentrado, non especifican en tolva ou galeira de camiión, non citan condicións herméticas, cando o risco sería emisión de pó, entorno. Dámonos conta, nada difícil comprender que desde o seu punto inicial, ata onde se acopia, non se pode garantir que non conleve graves consecuencias. Composición, vou ler:

Concentrados de cobre, non exentos de impacto ambiental importante, predominio de materiais pesados, químicos e radiactivos. Ditos concentrados de cobre de gran pureza, chumbo, sulfurosos. Dos anteriores, trátase de metais pesados e químicos, material particularmente tóxico, transportando pó polo vento aos lugares próximos, máis ás redes de auga, de lixiviados e ríos. Hai exposición de fuga aérea de pó moi espeso e emisión en lugares... con, danos irreparables ás persoas, cancro de pulmón, destacando.....

Dicir unha cuestión. A estación de Botos e a contaminación auga son afectados clarísimamente. O propio proxecto estima nunha primeira fase o transporte de 54.310 tn e 102.600 tn na segunda. En canto aos recorridos, nun ano farán catro mil recorridos. Ten consecuencias gravísimas ese percorrido. Ten tres propostas e leunas: Con todo, quérese á Xunta de Galicia amosarlle o rexeitamento para non non albergar o terminal de cobre da mina Touro, se acada a autorización.

D. Xosé Crespo Iglesias. O mesmo celo non se ten con RACSO, que tamén pode emitir po. Non ve ese celo noutros temas.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Cólase por aí. Fágame caso.

D. Xosé Crespo Iglesias. Déixeme dicir o que estime oportuno. Hai un celo razoable. Non é o mesmo. Depende de quen veña a cousa. Votaron a favor da urxencia. Non coidamos que esta moción sexa urxente pola actividade económica. Gústanos ter a documentación necesaria para pronunciarnos. Dixemos antes con RACSO. Non o oculto. Non o vimos, pedimos documentación. Estráname que a estación de Botos cando circule o AVE, se empregue en isto; da liña vella veremos que se fará. Que se poia utilizar pola empresa, ten dúbidas. Piden iso ao ADIF. Os proxectos pra cubrir o expediente poñen cousas estándares, para solucionar e saír do bache e do atolladero e ter licenzas. Cústalle crer que Botos poida ser o paradeiro, por desgracia cando funcione o AVE, en dous anos. Gustaríanos que a parada se fixera en Botos, cerca da Igrexa e coller a lanzadeira. A vía que vai funcionar será a de Santiago -Ourense. Sobre a vella ten dúbidas de que sexa viable a súa explotación.

Non o vemos mal. Pide que se retire a moción ata que o vindeiro pleno se teña a documentación. Se non se retira, absteranse. Non van votar en contra. Desconfía do que di o BNG, porque si non, o dirían antes. O Pleno por unanimidade acordou sobre a mina de Touro, e non son sospeitosos de querer a actividade industrial a calquera prezo. O mesmo con RACSO, si aos postos de traballo, pero con prexuízo grande non. Coa mina dimos o voto afirmativo. Hai que desconfiar de certas cousas que non

cadran. A empresa puxo Botos por poñer algo e cadrar o expediente, pero as posibilidades son escasas. Pide retirala e no próximo Pleno con documentación estaremos informados. Se non abstémonos. Pode ter parte verdade e parte de mentira. Non o sabemos, non acusamos de mentir. Non é urxente para este pleno e non para no seguinte. Urxente era o Conservatorio, para o mes que ven ou seguinte, porque acababa o curso. Documentarémonos. Pode ser certo. Non temos claro isto. Abstención. A favor, só tras estudar moción.

D. Juan José Cruz García. Certo é moi técnica. Non podo posicionarme. Preocupan unhas cousas e outras non. A planta de rodas molesta moito a un sector da poboación. Foron moi áxiles para certas cousas e non para outras. Tiveron axilidade nimia noutros casos. Varias denuncias fixen, polo uso de herbicidas e outras cuestións. Moralmente nos comprometémonos no campo de fútbol empregando foxetil de aluminio cando no rexistro de fitosanitarios pon que non se pode empregar en campos de fútbol, si campos de golf e mesmo tiña que haber estado pechado. Houbo cousas que afectan á saúde e fixeron caso omiso ás advertencias da xente. Agora quero informarme máis e comparalo e baremalo con outras para posicionarme, a favor ou en contra.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Curioso que alguén que non se quere pronunciar busca escusas. Dous cousas: pedir información e reiterar o rexeitamento á apertura da mina de Touro, unánime. Aí si, pero cando hai un potencial perigo hai que estudalo. Contraditorio e difícil entendela. É política, ningún crea cuestións partidarias. Home tedes pouca fé. Non cree ao BNG. Baseámonos única e exclusivamente no proxecto da empresa de apertura e explotación da mina. Páxina 13. lin e aparece en galego o que pon o proxecto. É aquí onde nos situamos neste Pleno. É difícil de entender a abstención. Se o PP dixera o contrario, Juan Cruz tería a reacción contraria. Os rios conducen mesmo sitio.

D. Juan José Cruz García. Non teño problema en apoiar as mocións vosas e do PP. Non hai que manipular a realidade. As realidades paralelas gústanlle moito a Rafael Cuíña.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non. É evidente que non vai retirar o tema. Non cadran os temas. Apoiem o que apoiaron decembro. Que cambio houbo no PP de agora? Descubrir o proxecto da empresa, máis afectados, os argumentos de sobra, contar con este apoio. Pensei que tería unanimidade sen problema. Estou sorprendido. Outro argumento?. Qiu hai escasas as posibilidades de que o fagan. O único que hai é por escrito de Botos para facelo, ante a mínima posibilidade. A responsabilidade dos que estamos é posicionarnos radicalmente en contra deste veneno para a nosa poboación.

No tema de RACSO non se cole. Xa lamentará facelo. Este goberno é moi responsable. Está cos intereses xerais e coa cidadanía. Ten un claro modelo ambiental e saúde para este pobo. Este tipo de empresa e usos non xeneran riqueza. Non queremos un punto negro desta clase empresas. Estamos a tempo para reflexionar. Se non crean riqueza, o BNG non utilizaría o argumento. Non dubido que sexa crible. Estivemos os días festivos traballando moito no tema, con xente especialista. A min quédame grande. Créanme, non o saquemos da chistera. Aparece onde aparece. Se vai por tren.. Tamén poden escoller por barco. Ante os veciños, posicionámonos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nos estamos de acordo coa postura da mina. Non

son tontos. O día do Pleno. Coida que podía tela presentado o día das comisións informativas. É lexítima e respéctoa esta postura. Non terá efecto dentro de vinte días. Os efectos serán iguais. Temos que documentarnos. Non temos datos e ao mellor é máis grave que o que din. Non estamos de acordo. Estamos a favor de que a mina non se abra. E agora a contraria. Non queremos a mina e menos contaminar Botos. Non me compare isto co tema de RACSO. Van facer algo? Apretaron as carabinas polos veciños. Saben que é así, pero din o contrario. Eu fun antes de fraile fun cociñeiro. Dalgunha entérome. Sei como levaban o tema. De pasar a pelota á Xunta de Galicia o de RACSO, formouse unha plataforma veciñal, non do PP. Se non fora así, xa tiña a licenza, sen dúbida. Agora tratan de escorrer o bulto, e fan da necesidade virtude. Coñecémonos todos. Contra a mina e menos para traer materiais contaminantes. Pido que retrase a moción ata o Pleno. Non importa o seu voto a favor ou que se absteñan. A exposición de motivos permite votar a favor dunhas cousas e outras sí. É remota a posibilidade, ten o voto favorable.

Explíqueille como fan as empresas. Preocuparíalle que o ADIF dixera que non hai problemas. A intención do ADIF sobre as estacións da liña vella debería sabelo. Eu non a sei, pero a temo.

D. Nicolás González Casares. Debía sabelo.

D. Xosé Crespo Iglesias. O da plataforma, o da vía aberta sen uso, preocuparíalle. Dálle igual perfecto. Temos que comprobar a veracidade. Abstémonos. De acordo. Comprobar.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.

D. Juan José Cruz García. Non vai dar tempo. Hai que facer política ben, telo que facer. Dáslle tanta importancia, son tonterías. Dime que me das a cambio. Non ves que coa abstención do PP, xa está aprobada. Negocia comigo, chámame e dime estate informado, o mesmo que na plataforma de incendios, igual que os dos plenos. Para que queres o meu voto porque coa abstención do PP tes aprobada a moción. Ata iso a humildade te molesta. Non estás informado. Es a persoa que máis critico. Negocia comigo. A moción por urxencia pide reflexión, traballar no contido e pactar. Comigo non se pacta? Que cousas queres pedirme? So os sinais no Corpiño, sinais para a Igrexa. Trátame igual nas cousas e andar para adiante. Vimos temas embrionarios dous anos. Non se excede? Meterme eu no PP, meterme, dáme igual. Acepto ir de nº 1 do BNG e ti pasas a outra formación. Non me fastidies. Se serio, pactar, chamar e informarme, cando teño que presentar as mocións. Moitos acordos entre vos, vinte falando e non me dis as datas dos. Teño que ter a información o primeiro día antes. Fai por aquí e por alá. Non a tratou co PP, pero podo dicirlles que eu apoio esta moción deste Pleno, se o BNG apoia a seguinte moción miña. Hai que pedir algo, e ofrecer algo. Teño raíces, e na música.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Non.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non contestas. Pedides algo, igual. Certo. Ningún problema.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Se non acepto, diríades que non dicimos a verdade. Ningún problema en que vaia de xeito ordinario se o resto do goberno está

de acordo. Isto é así. O días festivos algúns curramos moitas horas neste tema.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Outros, nos bares.

D. Juan José Cruz García. As caravanas estaban sen luz

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. O BNG non negocia co interese xeral deste pobo, nin admite cochambreo de ningún tipo. Non temos ningún problema en retirala, se así está convindo e agardado e suma o seu voto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Moitas grazas polo de RACSO. Dáme a sensación a veces de que sodes o partido comunista do pobo chino. Porque os informes vinculantes son dunha consellería do seu partido. Nós non temos conselleiros. O BNG e o PSOE teñen máis posibilidades. Dígolle que os informes son vinculantes e de acordo, a consellería é do PP. Se vostede se sitúa noutro plano a ese partido.. e din que os veciños, que os cabecillas son amigos meus.

Houbo un debate con Crespo. Non se oe.

A moción foi retirada da sesión.

10.- EXPEDIENTE 2045/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DUN MULTIUSOS PARA A BANDA DE MUIMENTA.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada “in voce” na sesión polo Concelleiro non adscrito.

D. Juan José Cruz García. A urxencia é que non estaba enterado do día do Pleno, daba igual presentala hoxe que nas comisión informativas. Pensei non había pleno.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Xa que logo, **RATIFICOUSE a URXENCIA da moción.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Fágolhe un ofrecemento. Retírala e estamos dispostos a estudala a fondo; dicirlle que o estudaremos. En Muimenta o goberno anterior fixo obras. Nos levamos gastados 47.783 €. Levámola ao Pleno, para estudala ben, coas posibilidades económicas, canto valerían terreos, e ver se se pode apoiar ou non. En frío non; o argumento en 20 días.

D. Juan José Cruz García. Absterse ou votar en contra. Vouna expoñer. A urxencia. Ningún lle avisou do pleno, ninguén se puxo en contacto con el

D. Xosé Crespo Iglesias. Sempre na urxencia votamos a favor de todas. Cando se cambia o Pleno, hai a responsabilidade de chamar aos 21 é certo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Á convocatoria é oficial a do Pleno.

D. Xosé Crespo Iglesias. Chamou, a Juan Cruz? Débeselle dicir. Cambiamos a dta. Se non está de acordo, pode impugnala, as sesións ordinarias esixen unanimidade. Ten dereito.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Entendo que o Pleno está convocado con garantías.

O Sr. Secretario. O edil non adscrito non é membro xunta de voceiros.

D. Juan José Cruz García. Non mesmo caso. O mesmo trato ten Vilariño comigo e que eu con vos. Non teño esperanzas. O PP si que tivo a moción, mandeilla.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Crespo dixo que nin a vira e tíña.

D. Juan José Cruz García. Créote a ti.

D. Juan José Cruz García. Non a lería, pero mandar, mandeina. Pouca importancia danlle ao concelleiro non adscrito.

D. Xosé Crespo Iglesias. Igual mandouno ao coro. Non a vin.

D. Juan José Cruz García. Trátase de aprobar isto en Pleno. Logo se verá o de executar ou non. Non está estudado o proceso técnico, non é premisa. Vos despois decidides executar ou non. Non teño esperanzas. Non vola enviei. A vindeira vez mandareina a Paco Vilariño, Teño esperanzas de que sexa valedor meu. Hai un compromiso con Vilatuxe para comprar os terreos colindantes. Historicamente Muimenta non tivo o valor non engadido, aínda que traballan moi ben coa súa Banda. As obras feitas son precarias, pequenas. Falamos de facer outras obras. Falouse de si é legal ou ilegal, de tramitar. Coincidencia. Casa colindante é a do lado e está en venta. Púxeme en contacto cos propietarios, fixen indagacións e valoracións boas de facer para facer a compra. Dareivos información. É traballo do goberno, de contacto e tramitar isto. A obra é óptima. Traballo moi bo. As Bandas non so dunha parroquia. Están participando alumnos de Palio, Ergo, Filgueira, Agolada, Esperante, Belbellos e outros. Teño esperanza e confío no grupo humano, de recibir o mesmo trato. É a casa do lado e unha obra óptima. A mesma parroquia demanda un trato diferenciado da Banda e dos locais socias. Este se derrubou e houbo para o campo da festa que buscar máis espazos. Os veciños quéreno. Crítica porque se emprega para pequenos eventos e non poden facelo para outros. Precisan dun multiusos. Coñecemos a casa, de dúas plantas, hai que canalizar as augas, tanta falta fai. Moitos anos o auditorio non tivo aulas, e tampouco calefacción. A presión exercida foi fructifera. O Sr. Alcalde está nese sentido cumprindo cousas que outros non fixeron, aínda que estes fixeron o auditorio. Pídolle un ton construtivo, analizar a obra óptima, ampliar a entrada ao campo festa. Adquisición é moi factible. Importante para os veciños. Non se da importancia, pero así as orquestas poderán entrar en máis sitios. Facilitarán moitas outras actividades. Falamos algo de unificar moitas actividades, de traballar mellor e de equiparar nas demandas ás nosas bandas do rural co trato da Banda de Lalín, que puido dispor do Padroado, da economía deste Concello, obviando os 600-700.000 € de orzamento do Padroado. As bandas do rural nunca o tiveron. Vedes o que fai Vilatuxe?. Rafael Cuíña: por primeira vez pido que se arranxen noutros sitios. Os

veciños están en moitos lugares, sigo incidindo no dos profesores de trompa e trompeta que se están tramitando. Hai que traballar en canalizar as bandas do rural, posicionalas e reguladas dunha forma, e aprender da Banda de Lalín a organizar unha Escola formal e legalmente como a que ten a Banda Lalín. Traballar e buscar vías de escape en Lalín, para que no futuro haxa menos problemas e saia xente preparada das bandas do rural. Prometeu o Auditorio en Prado. Non me vou meter niso. É a súa parroquia. Ogallá Prado lidere un terceiro foco de unión e de canalización pedagóxica de unión de bandas. Agora non se está facendo. Hai que priorizar. Vilatuxe merece un trato por enriba de Muimenta que o está facendo ben?. O Patrimonio Cultural non material noso, Tomas e Paco Vilariño coñecen e poden aportar e apoiar. A obra precisa poucos cartos. É unha obra facilísima, e pédese introducir nun plan de obras da Deputación. Se teñen a ben apoiarme. É mesmo discurso co Paco e con formas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non vira a moción, non a lin durante o pleno. Vin a do BNG. Non me deu tempo. Si é certo, Juan José comentou hai uns días por teléfono que era factible comprar unha parte da finca para un auditorio. Parecía razoable. O do concelleiro non adscrito. Pídollo que a retire, que o van estudar con cariño, para o Pleno vindeiro. Certo que cos seus votos poden aprobala neste Pleno e certo que o goberno faille caso omiso. Intención é que iso se poida facer. Esperar vinte días é razoable, e logo votar por unanimidade e comprase a finca. Demorar podes. Podemos aprobala nos e ti, a velocidade de cruceiro, pero non van comprar a finca. A unanimidade é unha boa possibilidade. O Campo da Festa é pequeno. Así ampliase o camiño, o auditorio e multiusos. Aconséxolle que o deixe pendente para o vindeiro pleno. Estamos a favor. Pido ater un nplu obxectivo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non imos votar a favor. Ímolo estudar, non digo o sentido voto. Trátase de adquirir a finca máis a casa

D. Xosé Crespo Iglesias. Agora non se trata de cumprir. Non cumpre co acordo plenario. Sería a finca máis a casa. Hai que negociar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A finca máis a casa.

D. Xosé Crespo Iglesias. Di que non entendeu. Un multiusos alí?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Un parque, de todo.

D. Juan José Cruz García. É colindante. Se o fixerades vos, estaba todo dentro do mesmo paquete. Non hai problema en estudalo e tomalo con cariño. Non sirven de nada os rifirafes.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Os rifirafes non son provocados por min, persoalmente non teño nada contra ti. Si no político. Insultos a miña familia. Con quen cumpro é con Muimenta e co auditorio. Ti non és concelleiro de Muimenta, ti tes vinculación con Muimenta. Quen representa a Muimenta é o goberno e a oposición, o mesmo que en Prado. Retíraa.

D. Juan José Cruz García. Eu quero cumprir cos veciños de Muimenta, Galego, Palio, Erbo, Filguera, Cadrón, Agolada, Goiás, Esperante e Belellós. Esas verbas están fora do contexto da moción. A disputa de insultos comezouna vostede. Eu fago política. Non ofenderse, pero vostede dixo que era Rafael Cuíña, non Xosé

Cuíña.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non volver a ese tema. Temos que ter unha conversa contigo, larga, cara a cara.

D. Juan José Cruz García. Podo presentarme por CXG, como son listas abertas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non pode ser que pases a Cidadáns e logo ao BNG.

D. Juan José Cruz García. O que dis é ilegal. Podo denunciarte.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dixen que te vexo nas fotos con xente de cidadáns. Quero respecto, non xudicializar. Ofrezco unha conversa privada. Se temos que aclarar algo, aclarémolo. Non teño nada persoal contra vostede, si a nivel político. Non me gustan as cousas que pasaron.

D. Juan José Cruz García. Cando salga a cousa xudicial, adiante. Retiro a moción. Pídoche que a estudeades con cariño. Estudar.

A moción foi retirada da sesión.

11.- EXPEDIENTE 2044/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO A DEIXAR SEN EFECTO A COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN APROBADA O 24 DE DECEMBRO DE 2016 TODA VEZ QUE XA SE SUPERARON TODOS OS PRAZOS MARCADOS NA MESMA.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada “in voce” na sesión polo portavoz do Grupo Popular.

Polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias.** In voce. Despois dou o escrito. A viva voz leu a moción.

A situación parecíalles unha tomadura de pelo, vostede pola razón que sexa, ten aí pendente. Quere explicacións e non que sexa unha táboa de salvación do goberno cada que atacamos. Parece que hai moito que agochar. Fartámonos e esgotamos a paciencia. Que a Fiscalía decida con luz e taquígrafos. Non deixarlle a el potestade de pensar que estamos atrapados nunha trampa. Envíalle todo ao fiscal, tamén como o conseguiron. Temos os nosos avogados. O Fiscal verá se hai responsabilidades, estaremos aí. Se nón, acabamos o conto. A Comisión está rematada hai un ano.

Urxencia porque non queremos que vostede nos manipule con esta comisión. Non o queremos. In voce. Pedimos a urxencia e mandar todo o que atoparon aquí á Fiscalía.

D. Juan José Cruz García. A bote pronto, preguntar se o PP estaría disposto e sería posible ver que esa comisión de investigación non tivo transcendencia. A min recoñecéuseme ese informe. Apareceu o informe baixo caixón, encargado pola Alcaldía, debeu ser. Non fixen declaracións machistas neste Pleno. Como o Secretario di para abrandar o tema que non sabía en que redes, si dicía que debía ser investigado. Non me fío da Alcaldía. Digo eu, tamén podemoslo facer con *Ce/so Taboada*, se se trata de fiscalizar. Quíttolle un problema a Rafael Cuíña, se o traio por

moción. Vai ter que dicir se investiga e se se xudicializa ou non. Se o aprobamos, tranquilo, o xuíz dirá e se e verdade ou é mentira. Non o teño claro. Esperarei ao segundo turno. Logo podo pedirvos o voso apoio unha vez que apareceu o informe escondido sobre un funcionario non imparcial. Estou nun 95 % a favor dos funcionarios. Fan o seu traballo, con dilixencia e profesionalidade. Entenderon que xudicializar a vida política tivo algún efecto positivo, e cada un está ao seu traballo. Opinar libremente. Sen acudir a tragos amargos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Apoiamos a posición do P.P. A iniciativa que quede ben claro é súa e non nosa. E que nós non o faríamos. Vostede, si. É evidente.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que temos unha lousa é evidente. Di tirar da manta.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dixen por activa, por pasiva, nos medios de comunicación e antes na radio que a vostede non faría nunca nada. Reafirmase. A proposta é súa. Que quede ben claro.

O *Sr. Secretario*. Os puntos 2 e 3 o Secretario non ten competencia. Correspóndelle ao Sr. Alcalde como Presidente da Administración municipal. El non ten atribucións.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que a remita Alcalde ou quen sexa, pero que a remita legalmente. O Secretario nada, non remite nada. Emite informes. Nos aquí o que faga falta. Que firme o Alcalde e que acompañe os seus informes.

Secretario. Informes?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Son actas.

O *Sr. Secretario*. Varios temas. Unha parte da moción non ten nada que ver co obxecto da comisión de investigación. Esta ten ademais outros asuntos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que quede sen efecto. Non se cumpriu o prazo. Todo está xa investigado. Outro problema, como se queren mete tamén o do Padroado e o do persoal. Metan todo. Non vai ter hipoteca china cada vez que digamos algo. Para tirar dunha manta, tiramos nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Nunca o faría. Que quede claro.

D. Nicolás González Casares. Que a retiren.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sr. Crespo: imos ver.

D. Xosé Crespo Iglesias. Imos ter problemas. Da igual hoxe que mañá.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Díxoo cincocentas veces.

D. Xosé Crespo Iglesias. O movemento demóstrase andando. Adiante á Fiscalía para que diga o que estime oportuno ou que o archive.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

Sometida a votación ordinaria a moción coa corrección indicada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10), sendo (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG, unha (1) da APAC.

Xa que logo, aprobouse a moción do seguinte tenor:

A Corporación Municipal de Lalín, na sesión plenaria celebrada o 24 de novembro de 2016, aprobaba cos votos favorables dos concelleiros dos partidos do goberno (Compromiso por Lalín, PSOE, BNG e APAC) e do Partido Popular, e coa abstención do concelleiro non adscrito, unha moción de urxencia para a creación e activación dunha comisión de investigación interna.

Dita comisión foi proposta polo goberno, a instancias dun rogo plenario realizado polo voceiro do Partido Popular o 21 de xullo de 2016, no que instaba ao goberno a especificar a documentación extraída, dun xeito cando menos cuestionable, dos ordenadores municipais.

No acordo plenario de creación de dita comisión establecíase a composición da mesma e fixébase un prazo de dous meses -ampliable no caso de que fose necesario- para dar conta ao pleno das conclusións ás que chegase.

Polo tanto, no caso de non formalizarse algunha prórroga ou xurdir algunha eventualidade, a finais de xaneiro de 2017 remataría o prazo de exposición das conclusións. Nembargantes, atendendo ás declaracións realizadas polo alcalde en sede plenaria na sesión do 28 de abril de 2017, non foi ata o 7 de febreiro cando o alcalde lle comunicou ao Secretario a activación de dita comisión.

Dez días máis tarde, o 17 de febreiro, o integrante da comisión Jorge García Fernández presentaba un escrito comunicando que non aceptaba a súa participación e renunciaba a formar parte da mesma. Con posterioridade, nunha proposta da Alcaldía ao pleno, asinada polo alcalde o 19 de abril de 2017, o rexedor aceptaba a renuncia do funcionario Jorge García Fernández e designaba por decisión propia como substituto a Manuel Varela Santomé. Este cambio foi aceptado no pleno do 28 de abril de 2017 cun acordo unánime da Corporación, establecendo o novo prazo de finalización da comisión para o día 19 de xuño.

Desde o Grupo Municipal do PP cuestionamos que desde esa data, superados con creces todos os prazos marcados para elevar ao pleno unha proposta de

resolución, os integrantes da comisión non presentaron ningunha novidade ou avance ao respecto. Nembargantes, a existencia desa comisión si foi utilizada en reiteradas ocasións polo alcalde como argumento do debate político para atacar aos concelleiros do PP e cuestionar o seu labor de oposición, o que amosa unha evidente utilización partidista e interesada da comisión e un escaso interese por arrojar luz sobre os asuntos acerca dos que pretendía indagar, provocando unha evidente situación de indefensión aos concelleiros do Grupo Municipal do PP

Por estes motivos, e tendo en conta o esgotamento de todos os prazos marcados, e apelando á motivación inicial da comisión, que non era outra que esclarecer unhas acusacións verquidas polo goberno e que desde o PP consideramos que se circunscriben unicamente ao debate político, é polo que presentamos a seguinte proposta.

En base ao exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Deixar sen efecto a comisión de investigación aprobada o 24 de novembro de 2016, e que superou todos os prazos marcados no acordo plenario polo que foi creada.

Segundo.- Instar ao Alcalde-Presidente a que remita á Fiscalía, nun prazo máximo de quince días a partir de hoxe, toda a documentación recuperada dos ordenadores municipais para que sexa este órgano quen sen encargue de dirimir se de esa documentación se deriva algunha responsabilidade.

Terceiro.- Solicitar ao Alcalde-Presidente a emisión e envío á Fiscalía dun certificado -adxunto á documentación que se remita- acerca do modo no que foron obtidos ditos documentos, especificando o modo, os medios técnicos, os decretos que houberse ao efecto, as datas e as persoas que participaron na súa obtención.

12.- EXPEDIENTE 1842/2018. ROGOS E PREGUNTAS. PLENO 04 04 2018.-

P.P

D. Antonio Rodríguez Rodríguez.

Respecto ás preguntas formuladas no pleno pasado por D^a Raquel Lorenzo Fernández sobre a depuradora Zobra, contéstanos o Alcalde: remítome a comparecencia en Pleno por este asunto. A verdade é que é unha falla de respecto hacia a oposición. Recórdolle que a comparecencia aprobouse hoxe.

ROGO. Pídolle que tiña sensibilidade e conteste ás preguntas se lle formulen.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

PREGUNTA.- Nos pasados días o goberno anunciaba a solicitude dun informe á Universidade de Santiago sobre a planta de triturado de neumáticos e unha nova tramitación este expediente a Xunta de Goberno. O 27-9-2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental emitía resolución ambiental con informes sobre o proxecto onde se

di que o Concello Lalín non emitiu ningún informe á consulta da Consellería. Cal foi o motivo polo que no momento en que se lles consulta Consellería non houbo informe ou alegacións sobre a planta?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

Vemos agora que o Alcalde, pide á Xunta de Galicia unha nova tramitación.

PREGUNTA.- Que cambio houbo dende o verano ata hoxe que pretendan que a Xunta de Galicia se posicione de novo, cando non dixeron nada na fase de consultas da Xunta de Galicia?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Visto o problema de RACSO non quixeron ver, como funciona esa nova tramitación na Xunta de Galicia? Que pretenden?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Pretenden que a Xunta de Galicia, que fixo a tramitación, lles faga o seu traballo e aprobe ou denegue o proxecto que é da súa competencia?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Quen ten que aprobar ou denegar o proxecto: o Concello Lalín ou a Xunta de Galicia?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Tendo en conta que para este tipo de proxectos a lei contempla que se podan acometer con impacto ambiental a que vostede non presentaron alega: por que vostedes non presentaron ningunha alegación?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- O departamento de medio ambiente emitiu dous informes sobre a empresa, as actividades e o proxecto. Entenden que eses informes son favorables ou contrarios ao proxecto?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Vostede creen que ese informe con todo o que pon é favorable?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Si non é así: que van facer?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Os informes negativos dos técnicos da casa e externos, non sospeitosos de querer prexudicalo politicamente enc ontra cuestionados polos veciños: Que é o que pretenden cos informes solicitados á Universidade? Manter un proxecto que os técnicos cuestionan?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

Dª María Xosé Senande.-

O día 27 de marzo de 2018 a Oficina Agraria celebrou unha xuntanza cuns cen gandeiros lalinenses sobre o Plan de mellora e de incorporación á actividade agraria.

PREGUNTA.- Pedíronlle antes que a aula da UNED para celebrar ese encontro o Salón Teatro?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Cal foi o motivo denegar o uso do salón teatro e autorizar charla a Aula da UNED?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

Denunciaban os usuarios da aula da UNED que o que primeiro fixeron foi pasar a fregona e quitar a auga no chan e non ocupar determinados os butacóns polo risco que había de caída dalgunhas e placas.

PREGUNTA.- Ten constancia da existencia de charcos de auga que se forman na Aula da UNED?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Se é así: Como envían a un cento de persoas a esa sala con charcos de augas e co teito tal e como está a piques de caer?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Se é que non esta situación leva xa dende hai un ano, como está sen solucionar este problema? De feito salen fotos na prensa hai uns días.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Cando ou como pretenden arranxar os danos deste edificio?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

Dª. Eva Montoto Méndez. Ao Sr. Alcalde

Ante as queixas dos veciños nas redes sociais de falla de criterio do goberno de que as rúas principais están pechadas nos días de invernía ao tráfico o acceso ás

farmacias do Centro, das rúas Colón e Joaquín Loriga, nos pasados días na prensa apuntaba o Sr. Alcalde que se podía acceder en choce dende a entrada de Abanca, dende a rúa Colón e dende a Praza da Igrexa.

PREGUNTA.- Mantén vostede que se pode acceder en dirección contraria dende a Praza da Igrexa, dende a rúa Colón ou dende a rúa Xoaquín Loriga e esas farmacias de garda sin sinalización que o permita?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- En que rúa ou lugar están colocados os carteis (sinais) onde se di que os veciños poden acceder por dirección contrariaa esas farmacias de garda sen que haxa sinalización algunha?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- Garante vostede que a policía local non multará aos veciños que accedan a esas farmacias de garda en coche cando baixen ás mesmas por dirección contraria por esas rúas pechada?. Todo iso en base a cuestións aparecidas nas redes sociais. Se quere as mostro.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

PREGUNTA.- O Alcalde deu algunhga directriz á Policía Local de que non multe cando vaian en coche ás farmacias de garda dende esas rúas?. Todo isto en base a notas nas redes sociais.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

D. Manuel Fernández López.-

ROGO.- En relación coa Modificación Puntual nº 15 contestadas para Nicolás. Que pasa, a xente está intranquila. Chamaron dous ou tres. Non se cree que isto vaia adiante. Hai que darlle para adiante. Hai xente que meteu proxectos, e polas axudas en setembro teñen que ter licenza. Axilizalo o máis posible. Entre todos temos facelo. Hai xente perdeu o ano pasado as axudas. Pide que vaia ao Pleno ese mes. Logo enteramos no verán de que hai que facelo antes e non mete a xente os proxecto por isto. O problema está enriba da mesa. Non hai excusas ningunha para nós e para vos.

D. Nicolás González Casares. Dixemos que habería un pleno extraordinario este mes.

Edil non adscrito.

D. Juan José Cruz García.-

Tendo en conta que hai dous informes, o Alcalde é coñecedor, moi definitivos

sobre *Celso Taboada*. Segundo un deles está nas túas mans abrir un expediente de investigación ou disciplinario. O Secretario ve indicios posibles para actuar. Refírense ás manifestación do empregado público que me afectan e que polo menos denotan un comportamento irregular do mesmo. Tomou algunha medida xa?

O Sr. Alcalde dixo que o Secretario quería falar.

O Sr. Secretario nesta coxuntura, e a indicación do Sr. Alcalde, sinalou que estes días se ditou un decreto ordenando a incoación dun expediente informativo.

O Sr. Alcalde indica que foi o luns pasado.

D. Juan José Cruz García. Un expediente informativo?. Vale. Seguiremos analizando co avogado se lles chega ou non. Quero que se investigue nas redes sociais o que se dixo en Facebook.

O Sr. Secretario. Está asinado en xestiona (Decreto).

E, sendo as **doce horas e trinta e un minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas